

Lembranza de Javier Alvajar e unha viaxe pola correspondencia del e de seu pai con Ramón Suárez Picallo

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sumario

Este traballo ten dúas partes: notas biográficas sobre Javier Alvajar López (fillo de César), a partir da amizade persoal co autor, e percorrido polas cartas que se cruzaron os dous Alvajar, César e Javier desde París, con Ramón Suárez Picallo desde Buenos Aires, que sintetizan boa parte da historia do «Consello de Galiza» e da súa delegación parisina.

Abstract

This work has two sections: biographical notes on Javier Alvajar López (son of César) from the personal friendship with the author; and an examination of the letters exchanged between the Alvajars in Paris, César and Javier, with Ramón Suárez Picallo in Buenos Aires, which summarize a good part of the history of the Galician Council and her Parisian delegation.

LEMBRANZA DE JAVIER ALVAJAR

Naceu Francisco Javier Alvajar López na Coruña no 1920, no seo dunha familia ilustrada e comprometida con altos ideais políticos. Movilizado no 1938, en plena Guerra Civil, pasouse ós 5 días de chegar ó frente, ó Exército Republicano.

Os italianos fixérono prisioneiro no porto de Alicante o último día da guerra (30-III-1939), sendo levado ó campo de concentración de Albaterra de Catral, de onde se escapou ós 15 días cara á Coruña, lugar no que se recibiu a conseguinte orde de arresto inmediato contra el, pero puido eludila, marchando para a casa duns amigos en Mercurín (Anceis, Cambre), onde permaneceu tres anos, facendo vida relativamente normal e acercándose a Tabeaio (Carral) onde tiña bos amigos.

Marchou máis tarde a Barcelona, entrando alí en contacto coa Asociación GALEUZCA, que o axudou, intentando pasar a Francia, cousa que por aqueles tempos (1942-43) lle resultou imposible, por estar totalmente ocupada polos alemáns.

Ó rematar a Segunda Guerra Mundial voltou a Mercurín e presentouse ás autoridades, cando Franco, obrigado polas circunstancias internacionais, promulgou un indulto. Nese tempo casou en Tabeaio con María Josefa Castelo Gómez. Pero as autoridades encargáronse de facerlles a vida imposible e marcharon por fin a Francia.

Alí é onde o papel de político de Javier, primeiro axudando a seu pai, César, que sería o Delegado do «Consello de Galiza» en Europa desde finais de 1957 e, despois, á morte deste no 1965, ocupando el mesmo ese cargo, se destacou de maneira exemplar en defensa dos intereses de Galicia.

Era un mundo de exiliados, que seguían loitando polas súas ideas e contribuindo con moitos esforzos a que se establecera en España un réxime democrático que recoñecera finalmente, como eles querían, as nacionalidades históricas, entre elas Galicia, dentro do sistema autonómico que agora temos e que xa xermolara na Segundo República.

* **Alfredo Erias Martínez** é director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquiviro-bibliotecario municipal de Betanzos (<http://www.alfredoerias.com>).

O «Consello de Galiza», fundado por Castelao e outros ilustres galeguistas no 1944, aglutinaba todas as forzas políticas galegas do exilio. Para Europa a súa Delegación residía en París. Salvando innumerables dificultades, os dous Alvajar, pai e fillo, conseguiron que o «Consello de Galiza» fose admitido no «*Consejo Federal Español del Movimiento Europeo*», que presidía Salvador de Madariaga, a principios dos anos sesenta, asistindo desde aquela a tódolos congresos e reunións importantes e mantendo así viva a presenza internacional e as reivindicacións de Galicia.

Tamén, nesta liña, lograron que o «Consello de Galiza» fose admitido no 1969 na «*Unión Federalista de las Comunidades Étnicas Europeas*».

Javier Alvajar tivo ademais un papel destacado dentro do Goberno Republicano Español no Exilio, do que foi desde 1957 a 1965 Secretario do Ministerio de Información, e desde 1967 a 1969 Secretario da Presidencia, tendo tamén ó seu cargo os servicios de Secretario Contable do Ministerio de Facenda desde 1957 a 1969. No 1957 foi nomeado Canciller Honorario de Consulado, adscrito ó «*Consulado General de la República*».

A el débese ademais a fundación da Casa de Galicia en París e, así mesmo, foi o primeiro presidente do «*Fondo de Ayuda a los Republicanos Españoles*» ó tempo que presidía a «*Agrupación Republicana Democrática Española*» de París (ARDE). Difícil será que haxa algún exiliado en problemas que non acudise á casa dos Alvajar na capital francesa.

Con poucas diferencias isto escribino, a maneira de síntese da vida de Javier Alvajar, para o pregón das festas do Socorro en Carral en setembro de 1991 e nunca antes se publicara en papel. Javier daquela xa deixara de ser alcalde por enfermidade e aproveitei para dicirlles ós veciños quen era aquel home.

A primeira vez que vin a Javier Alvajar foi no desaparecido campo de fútbol de Presedo (Abegondo, A Coruña). Era un partido «importante» (debía ser pola festa da Saleta, en setembro, a mediados dos anos setenta) e con moito público. Javier era o entrenador dos obreiros da autopista do Atlántico, onde traballaba de encargado. Era todo un espectáculo velo con aquela paixón e vitalidade, animando e dirixindo ós seus xogadores (él fora xogador nos seus tempos mozos, moi amigo do porteiro Acuña, e mesmo organizara algún equipo no exilio). Gañaron, por suposto, e lembro ben que ó remate a xente aplaudiuno a él máis que ós xogadores. Por ese tempo, eu non tiña idea de quen era aquel home e moito menos podía sospeitar que, andando os anos, seríamos tan amigos.

El e a súa esposa, María Josefa Castelo Gómez, vivían en Tabaeaio -Carral- cando casei naquela parroquia con Pilar Morandeira Roel. Non había moito que chegaran do exilio parisino. As nosas mulleres eran familiares e foi por esa vía por onde empecei a saber da súa vida. Na casa de meus sogros falábase de «Don Javier» con admiración e respecto. Ademais, presidiu uns anos a asociación de veciños de Tabeaio (con el colaboraba Pilar) que, entre outras cousas, defendeu con uñas e dentes os dereitos dos traballadores dunha empresa que alí había. Pronto empecei a frecuentar a súa casa. Fixémonos amigos inmediatamente. Falabamos de todo con moita sinceridade e, pouco a pouco, fun coñecendo máis polo miúdo a súa traxectoria vital.

Fora, e aínda era, un home de acción a favor do progreso material e espiritual da xente, un democrata de verdade, un republicano, un home que sufriu nas súas carnes a Guerra Civil e a persecución. Pero daquela, en Tabeaio, aínda tiña forzas para presentarse como cabeza de lista polo PSOE ás eleccións municipais de Carral en 1983. Sería Alcalde uns tres

anos ata que a enfermidade o venceu. Pilar e máis eu estivemos con él nun restaurante do concello no que se celebrou a conseguinte festa polo triunfo electoral. Debeulle parecer un sono despois dos traballos que pasou.

Fun testigo do seu sufrimento como Alcalde. Non puido facer todo o que quería e custáballe comprender as trabas sistemáticas de outros partidos e concelleiros para os que as razóns e a evidencia non servían. Logo, as forzas empezaron a abandonalo: unha enfermidade dexenerativa estaba xa minando gravemente a súa saúde e tivo que deixar a Alcaldía. E despois de tardes e tardes falando con el, ocurriúsenos a Pilar e a min propoñerlle para animalo que escribise as súas memorias con obxecto de publicalas no *Anuario Brigantino*. A idea resultou ser boa desde todos os puntos de vista, porque lle demos un obxectivo, un proxecto que levar a cabo, algo máis polo que vivir e, de paso, contamos todos cuns traballos fundamentais para coñecer un tempo escuro no que Galicia tamén estaba presente, a pesar de todas as dificultades.

Acórdome ben como, xa con pouca mobilidade, lle pedía á súa muller que lle trouxese a carpeta tal ou cual: todo o tiña claro na súa cabeza. Repasaba comigo documentos, elixía fotos... Primeiro escribú á man, pero despois, cando xa non podía, grababa en magnetofón e eu logo transcribía con dificultade, porque progresivamente a fala tamén se foi facendo inintelixible. Iso sí, máis tarde el corruxía e todo quedaba ben. Polo medio de todo iso, a xentileza e finura natural de «Mari», con maneiras moi parisinas, un verdadeiro encanto, un anxo da garda para Javier. Alí nos tiña sempre algunha bebida espirituosa das que non se mercan, doces especiais, marabillas da súa cociña, agarimo e elegancia en estado puro; un ambiente propicio para falar do divino e do humano, aínda que a política e os políticos de antes e dese tempo era o tema preferido. Foi naquelas xuntanzas onde degustei por primeira vez, por exemplo, o *marron glacé*, algo moi francés que, por ese tempo, a penas se facía en Galicia.

Pois ben, empezaron a saír publicados no *Anuario Brigantino* os seus traballos, verdadeiras xoias para a historia contemporánea de Galicia, non só pola documentación que conteñen, senon porque quen escribe é testigo e protagonista privilexiado dun tempo e dunhas circunstancias excepcionais:

- «Apuntes sobre la Delegacion del Consejo de Galicia en Europa». *AB 1988*.
- «Apuntes sobre la Delegacion del Consejo de Galicia en Europa (II)». *AB 1989*.
- «Apuntes sobre la Delegacion del Consejo de Galicia en Europa (III)». *AB 1990*.
- «La Coruña de mi niñez: recuerdos de los años veinte y treinta». *AB 1991*.
- «La Coruña de mi adolescencia: recuerdos de la segunda Republica española» *AB 1992*.

El quería seguir, pero de todos os xeitos, o esencial puido dicilo. Expuxo feitos significativos, sobre todo para Galicia, que eran completamente descoñecidos e falou polos que xa non podían facelo. E todo isto case sen forzas, vivindo unha desacougante e lenta dexeneración ó longo dunha década.

En todo ese tempo os lazos de amizade entre nós foron moi fortes e, en máis dunha ocasión, despois de falarme da importancia e significado da Bandeira Republicana do Goberno Español no Exilio, que el gardaba con documentos e impresos varios, enumerábame unha longa lista de personalidades que se enterraran con ela (Félix Gordón Ordás, Diego Martínez Barrio, Salvador Etcheverría, César Alvañar...) e, a continuación, dicíame que el sería o último en facelo e que despois desexaba que todo fose para o museo e arquivo de Betanzos. En certa ocasión, xa no final do seu camiño, estando el no hospital San Rafael da





*Na páxina anterior; Javier Alvajar no despacho parisino do Goberno Republicano Español no Exilio (debaixo, o mesmo bandeirín e parte dos documentos que hoxe poden verse no Museo das Mariñas).
Arriba, María Josefa Castelo Gómez e Javier Alvajar na súa casa de Tabeaio (Carral), en agosto de 1991. Foto: Alfredo Erias.*

Coruña, díxome «Mari» que tiña sonos nos que era perseguido e quería agocharse, mesmo debaixo da cama; nun deses episodios díxolle a ela que lles comunicase ós perseguidores que era amigo meu. Sorrímos, claro. Por desgracia, o meu poder non chegaría para frear a ninguén, e menos ós asasinados que aínda o seguían a buscar na súa mente sen descanso. Pero aquela anécdota gárdoa con moito agarimo, porque resume dalgún xeito a relación que tivemos naqueles anos crepusculares. Aínda hoxe, cando veño de falar con Mari, que

leva os seus achaques coa maior dignidade, me confesa que ela tamén soña con frecuencia que é perseguida: os vellos fantasmas resístense a abandonarnos.

Javier foi unha das persoas que máis me marcou na miña vida, pola súa integridade, por ser de verdade iso que se chama un home de honor, polo seu compromiso activo cos desfavorecidos, por querer a Galicia con toda a súa alma... Iso sí, a súa lingua, como a de tantos coruñeses e outros daquel tempo (e de agora) era o castelán, e as súas ideas enmarcábanse dentro dun activo federalismo republicano dos pobos ibéricos, europeísmo e mesmo universalismo; quizais por algo de todo iso, ou por todo xunto, non sei ben, a súa comunicación con certos sectores nacionalistas de Galicia (sobre todo con Ramón Piñeiro e algúns outros) non chegou a ser todo o fluida que a el lle houbera gustado e isto era algo que o fería permanentemente. Non o podía comprender.

Fíxose con él, e con todos eses homes, o mesmo: en liñas xerais, os novos políticos e os novos partidos déronlles as costas, chegada a democracia. Semella que os consideraban un estorbo. Non ocorreu o mesmo no País Vasco, onde Leizaola transmitiu simbolicamente os seus poderes a Garaicoechea, nin en Cataluña, onde Tarradellas, presidente da Generalitat no exilio, continuou no seu cargo antes e despois do seu regreso o 23 de outubro de 1977: *«ja sóc aquí»*. Sen embargo, en Galicia, todo se fixo de novo, como se o traballo de tantos galegos exiliados por levantar a nosa terra ó nivel que se merecía, non tivera existido. E, despois de esquencer ós que quedaban vivos do «Consello de Galiza» e das súas delegacións polo mundo, tivo lugar o incalificable acontecemento de traer os restos de Castelao para o Panteón de Galegos Ilustres en Bonaval o 28 de xuño de 1984 (aniversario do plebiscito que aprobou o Estatuto de Galicia), contra a súa vontade, posto que el dixerá outra cousa ben clara: *«Penso que si morrese no desterro, os meus ósos non se deixarían consumir até que algún anaquiño d-eles chegase a Pontevedra»*. Era evidente que algo se fixera mal, que as cuestións simbólicas finalmente si tiñan importancia e que se quixo cubrir o expediente, manipulando os restos do persoeiro máis emblemático da Galicia democrática no exilio.

Nese tempo, Javier Alvajar aglutinaba na súa persoa boa parte da obra e da memoria do «Consello de Galiza» e dos esforzos de seu pai e del mesmo para que Galicia estivese presente nas institucións europeas. Con razón me manifestou moitas veces o seu desánimo. Resistíase a aceptar algo por desgracia evidente: que os galegos en xeral non coñecemos nin, ó parecer, nos preocupa moito coñecer, a nosa historia. Iso explica que sexamos os primeiros en arrasar coas nosas formas culturais máis identificativas (casas, castros, mámoas, petroglifos, tradicións...). Despois, alguén illado, un historiador, un pintor, un poeta... chorará polos bos e xenerosos que xa non están, polo paraíso perdido que non volverá, mentres as nosas terras son vendidas ó mellor postor. Pero xa será tarde, como tarde é rederlle en vida a homenaxe que se merecía este home, Javier Alvajar e, antes, seu pai, César, que non puido regresar de vivo, aínda que sí de morto, porque o 12 de xaneiro de 2006 os seus restos e os da súa primeira esposa, Amparo López Jeán, trouxéronse do cemiterio de Pere Lachaise (París) para o de San Amaro na Coruña.

Non quero esquencer, aínda que sexa de pasada, que outros fillos de César e Amparo tiveron un papel destacado na vida política e cultural. Amparo, por exemplo, foi secretaria de Casares Quiroga cando era presidente do consello de ministros e ministro da guerra en 1936. María Teresa, aínda en marzo de 2007 no Teatro Principal de Santiago e no acto «Mulleres con memoria», explicou os sufrimentos e a diáspora da súa familia e como ela mesma sufriu o cárcere na Coruña polas súas ideas políticas. E Ana María, magnífica violinista, cunha enerxía e un magnetismo persoal increíble, que tiven a sorte de coñecer,

aínda escribiu nos anos finais da súa vida dúas obras importantes que nos traen ó presente aqueles tempos de dor:

ALVAJAR, Ana M.^a, 2000, *Notas sobre Amparo Alvajar, exiliada gallega*. Sada (A Coruña), Edicións do Castro.

-2002, *Soltando Lastre. Memorias*. Sada (A Coruña), Edicións do Castro.

É certo que César Alvajar ten unha rúa co seu nome na Coruña e Javier outra en Carral. E tamén é certo que o apelido Alvajar se foi agrandando nestes anos, polos numerosos artigos e libros que saíron á luz sobre os tempos da Segunda República, a Guerra Civil e a postguerra (ademais, César era tío do escritor, exdirector do Instituto Cervantes e exministro de Cultura, César Antonio Molina). Nese paso que vai do xeral descoñecemento ó agrandamento paulatino do apelido, tivo moito que ver o feito de que o fondo documental de Javier pasase ó Arquivo Municipal de Betanzos e tamén que no betanceiro Museo das Mariñas se instalase definitivamente a Bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio. Esta bandeira, desde o

principio, foi obxecto de diversos actos de homenaxe, tanto por particulares como por asociacións ou partidos políticos. E, naturalmente, a figura de Javier Alvajar alí presente, desde a súa fotografía, atendéndonos no seu despacho do Goberno Republicano, a maneira de centinela eterno da República, é un recordo permanente daqueles tempos de sacrificio que precisamos coñecer e comprender para construír mellor a nosa convivencia futura.

Javier finou o 12 de decembro de 1996 e a súa viúva, María Josefa Castelo Gómez, cumpriu a promesa que el lle dera, de tal maneira que o 14 de abril de 1997, con motivo do 66 aniversario da proclamación da Segunda República, na sala capitular do concello de Betanzos, fixo entrega da Bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio en París ó Museo das Mariñas. Coa Bandeira chegou tamén un rico fondo documental que ten unha importancia de primeira orde para coñecer as estratexias de supervivencia no exterior, non só das persoas, senon tamén das ideas, na longa espera que supuxo a era de Franco ata xermolar de novo na transición democrática e na Constitución de 1978.



Enterro de Javier Alvajar no cemiterio de Tabeaio (Carral) o 13 de decembro de 1996. O seu féretro está cuberto pola bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio, que logo pasaría ó Museo das Mariñas, de Betanzos. Foto: Alfredo Erias.

Do «Consello de Galiza» hai, sobre todo, unha colección de 409 cartas, que van de 1951 a 1976. Alí están, entre outros: Fernando Valera, Alfredo Somoza, Antón Alonso Ríos, Manoel Puente, Francisco Regueira, Ramón Suárez Picallo, Julio Just, Bieito Cupeiro, C. Conles, Josep Tarradellas, Josep Santaló, Antón Alonso Pérez, Luis Gausachs, Félix Gordón Ordás, F. Javier de Landáburu, Emilio Herrera Linares, Jesús Canabal, José Maldonado, Perfecto López, Charles de Gaulle, Manuel Pedreira, Antonio Represas, Ricardo Palmas Casal, U. Thant, Pedro de Llano, Pedro Turullols, Xosé Fontela, Manuel de Irujo, Valentín Fernández, Pablo Martí Zaro, Elfidio Alonso, Antonio Remis, Paul Skadegard, J. Sauret, Harvey J. Hockstein, Batista i Roca, S. Ambrosio Carrión, Julio de Jáuregui, Armando J. Alonso, Carlos Durán, M^a del Carmen de las Cuevas, José Luis Fontela Rodríguez, Macrino Suárez...

Foi grato ver que esta semente empezou a xermolar rapidamente e, como podía esperarse, o betanceiro Xesús Torres Regueiro, facéndose eco dos traballos de Javier Alvajar no *Anuario Brigantino*, publicou:

-«Crónica do Consello de Galiza en Europa». *A Nosa Terra*, nº 669. 12, abril, 1995.

E, máis tarde, xa cos documentos no Arquivo Municipal, vimos no *Anuario Brigantino* diversos traballos de Carlos Pereira que teñen por base este fondo arquivístico.

-«A oposición ó Estatuto de Autonomía de Galicia na Coruña da Segunda Republica: A agrupación «A la Tercera Republica»». *AB* 1997.

-«Mulleres e República: Aproximación ás asociacións de mulleres progresistas na Coruña republicana». *AB* 1998.

-«Castelao, Ministro do Goberno Republicano no Exilio: unha fotografía descoñecida». *AB* 2000.

-«César Alvajar Diéguez e o republicanismo galego en Europa». *AB* 2002.

Estas cartas da Delegación do «Consello de Galiza» en París asombran pola gran cantidade de persoeiros que nelas aparecen e, sobre todo, porque son testemuña da presenza de Galicia a nivel internacional, a pesar das dificultades. Moi pouco ou nada de todo iso se sabía antes de que Javier empezase a escribir no *Anuario Brigantino* e antes de que o seu fondo arquivístico estivese en Betanzos.

CORRESPONDENCIA ENTRE SUÁREZ PICALLO E OS DOUS ALVAJAR

O «Consello de Galiza» nace en Buenos Aires o 15 de novembro de 1944. A acta de constitución está asinada polos antigos deputados republicanos: Alfonso R. Castelao, Elpidio Villaverde, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos. Enlazaba co Estatuto de Autonomía republicano e constituía o xermolo do futuro goberno autonómico. Os seus principios eran:

1) «manter e defender a derradeira vontade de Galiza» saída do «Estatuto plebiscitado en 1936».

2) «a latencia autonomista de Galiza manifestouse sempre a favor do sistema federal, tanto nos acordos populares do ano 1873 como nos varios anteproieitos de Estatuto galego» dos que un deles di, «*Galicia es un estado autónomo dentro de la República Federal Española*». «Os devanditos mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito de autodeterminación para o pobo que representan; pero considéranse autorizados a restrinxir este dereito ao que é racionalmente xusto e posíbel, descartando de antemán o



14 de abril de 1997

Coincidindo coa celebración do 66 aniversario da proclamación da Segunda República en España, D^a María Josefa Castelo, viuda de D. Javier Alvajar, e por desexo expreso deste, fíxo entrega da bandeira que presidía as sesións do Goberno Republicano Español no Exilio en París ó Museo das Mariñas, representado polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez.

D. Javier Alvajar tivo un papel destacado dentro do Goberno Republicano, no que foi Secretario do Ministerio de Información e da Presidencia, ocupou o mesmo cargo nos ministerios de Facenda e Cultura e Arquivos, así como Delegado do Consello de Galicia en París. De volta na súa terra, desempregou durante algúns anos a Alcaldía de Carral.

Xunto coa donación da bandeira, instalada no Museo das Mariñas, entregáronse tamén un bo número de documentos dun valor testemuñal incalculable.

D. Javier Alvajar tiña unha estreita relación con Betanzos, sobre todo con Alfredo Erias, director do Museo, Arquivo, Biblioteca e Anuario Brigantino. Precisamente nesta publicación Alvajar ten diversos traballos sobre as institucións nas que traballou e sobre a época que lle tocou vivir, que son documentos de primeira magnitude para o coñecemento da nosa Historia Contemporánea.

A noticia da entrega da bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio ó Museo das Mariñas, tal como se recolleu no Anuario Brigantino 1997, nº20.

separatismo, e abogando por unha unión paccionada de todol-os povos deferentes de Hespaña, ou millor da Península, dentro dun Estado plurinacional republicano, con garantía de liberdade para os homes e os povos».

3) Créase o «Consello de Galiza» «para gardar, manter e defender a vontade do povo galego, así como para buscar as asistencias e axudas que se precisen».

O primeiro presidente do «Consello de Galiza» será Castelao «quen fica autorizado... para levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña, a fin de que Galiza entre, por propia personalidade e triple forza nunha concordia xeral hespañola, capaz de derrubar o réximen franquista e restablecer a liberdade en Hespaña». O ulterior nomeamento de Castelao como ministro do Goberno Republicano no Exilio pode verse como un refrendo ó «Consello de Galiza». En liña con isto, estableceranse paseniñamente delegacións en diversas capitais (México, Montevideo, París...).

A delegación de París será levada por César Alvajar e logo polo seu fillo Javier. E precisamente a correspondencia de Ramón Suárez Picallo, desde Buenos Aires, con César

e co seu fillo Javier, ten gran importancia histórica, porque informa dos traballos levados a cabo a un e outro lado do Atlántico, para que a Galicia republicana e democrática estivese presente no mundo, en espera de que a conxuntura en España fose propicia. Por desgracia para moitos, ese momento, demasiado longo, non o puideron ver (Ramón e César entre eles). Pero, polo menos, o Fondo Alvajar do Arquivo Municipal de Betanzos e a Bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio sérvennos para poñer luz na memoria dese tempo.

O 7 de abril de 1951, a petición de Antón Alonso Ríos, secretario do «Consello de Galiza» César Alvajar envía un amplo informe no que subliña a necesidade de que Galicia estivese representada no «*Movimiento Europeo*» e de que o C.G. tivese unha delegación en París, como a tiñan Cataluña e o País Vasco. A partir de aí, hai varios candidatos para o cargo, propostos polo propio Alvajar: Eduardo Blanco Amor, Salvador Etcheverría...

A correspondencia entre Ramón Suárez Picallo e César Alvajar Diéguez comeza o 22 de febreiro de 1957 cando Suárez Picallo lle escribe desde Buenos Aires. A imaxe desta carta pode verse no traballo de Javier Alvajar do Anuario Brigantino 1989, nº 12, p. 177-179. Merece ser transcrita toda ela:

Fai tempo teño lido algúns artigos teus, publicados en «La Nación» de Santiago de Chile – onde resido dende fai 17 anos- e tamén no diario «El Sur» de Concepción no que fun durante 3 anos redactor «columnista». Gustáronme moito especialmente pol-a sutileza do estilo no que campea o teu insobornábel «xeito» galego de dicir cousas interesantes en tono menor, n'un modo de dialogar ou monologar de «ti para min». Dende que empecei a lerte tiven máis de vinte veces gana de escribírche. Non-o fixen por pura «nugalla», eisplicábel habida conta de que tiña que facer catro artigos cada semana para ganar a vida. E dispois de eso non me quedaba «xor» para escribírle nin á familia. Fágoo oxe, a unha hora de ter lido o teu derradeiro traballo, publicado no diario «El Mundo» de esta cibdade, tidoado «La ilícita neutralidad».

¡Unha preciosidade de forma e de contido! Que nos gustou moito a min e a Abraira, en cuia casa xanto e traballo todol-os días. Máis, non é somentes para falados teus artigos pol-o que che escribo esta carta, senon que moi especialmente para che falar de cousas que che poden interesar a ti e que lle importan moito a Galicia.

Viñen a Bos Aires no mes de xulio como delegado dos galegos de Chile ao 1º Congreso da Emigración Galega, que, dito sea de paso, resultou un dos máis estraordinarios acontecementos da emigración nosa nas Américas, pol-o que concerne á súa insospeitada forza espritoal creadora e polo que siñificou –sin decil-o- a máis imponente manifestación de republicanismo feita en Bos Aires dende que terminou a guerra civil. Participei no Congreso e en varios aitos colaterales, incluso n'unha velada académica en homaxe á Lengua Galega na aula Magna da Facultade de Filosofía y Letras da Universidad de Buenos Aires na que me tocou participar co tema: «El idioma gallego en el hogar, en la canción y en el trabajo».

Ao terminar os traballos do Congreso, a Comisión Organizadora encargoume de ordear, n'un volúmen de 300 páxinas, todol-os documentos, informacións, poñencias, ditámens, etc., para que constituía un documento de historia e de información. Para que poidas facerte unha idea de cómo se traballou direiche que aituaron seis comisións según os puntos do temario sobre 58 poñencias. Mándoches o ditámen da Comisión que tratou o tema Arte e Cultura, para que vexas con que minuciosa seriedade se estudiou. Estando eu n'iste traballo enfermei e tuven que ser internado no Centro Galego durante dous meses, onde me deixaron novo. Agora recomenzo a tarefa. Entre os traballos leeu o teu, interesantísimo, referente á necesidade de ter en París un representante de Galicia. Sobre él non recaeu ditámen e pasouse ao Consello de Galicia, xa que a túa proposta, máis que unha aprobación do Congreso, que sería unánime, require a decisión de poñel-a en práctica inmediatamente. E neso estamos.

Volvemos a ler e reler a túa proposta e, parécenos que iste é o intre preciso. Coidamos que



A Bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio xunto á Bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos e o busto de Castelao, procedente do Centro Betanzos de Buenos Aires, no Museo das Mariñas. Foto: Alfredo Erias.

en Hespaña ocurrirán cousas a longo e curto plazo, e non queremos nin debemos estar desconectados cando esas cousas ocorran. Por outra parte, Gordón Ordás chegará eiquí moi pronto n' un viaxe por toda América, que eu supoño que non é de turismo. Estuvo fai pouco en Chile onde falamos moito. El está en excelente posición con referencia a Galicia. Por eso nós eiquí queremos enlazar con él, e poñel-o en contaito con núcleos políticamente máis vivos da coleitividade galega, que é, dito sexa de pasada, o máis vital que ten aquí o republicanismo peninsular. Incluso pensamos facerlle un grande homenaxe coleitivo no seu carácter de Xefe de Goberno republicano en eisilio, ao través do Consello de Galicia.

O Consello de Galicia é unha institución simbólica, un pouco vagarosa, fundada por Castelao, co propósito de gardar, conservar e divulgar o senso que tiveron as eleccións do 12 de febreiro de 1936 e o Plebiscito pol-o Estatuto. Non é un goberno en eisilio, mais virtualmente foi recoñecido e aceptado oficialmente por todol-os seitores galegos de carácter democrático e republicano, así como por vascos e cataláns, como entidade representativa dos derradeiros aitos da vontade popular galega. Por eso está integrado solo por Diputados, asesorado por Comisións especiais. Este Consello tivo, e sigue tendo, un coidado exquisito de non polemizar, discutir, sin xiquer participar, nos pleitos e loitas de menor nin de mayor cuantía que se teñen que producir n' unha coleitividade composta por máis de 300 mil personas. Por eso goza oxe dos máisimos respetos máis alá e por enriba do ben e do mal. Pois ben, este Consello de Galicia, sería o que lle estendería as credenciais ao representante de Galicia en París, xa que, oxe por oxe, é Buenos Aires onde reside o maior número de galegos republicanos e demócratas do mundo, especialmente con senso, emoción e vocación políticas.

Agora o problema é o da persoa que ostentará a dita representación. Non coído que poida ir de Galicia por dúas razóns: 1ª, Porque o noso grupo de Galicia está traballando maravillosamente no orden intelectual e cultural; pero no que se refire á política están un pouco na lúa; non ademiten «nin esto nin aquilo», i-agardan a vel-as vir, n' unha aitude cuáseque de nihilismo político; é nós necesitamos xentes con aitudes afirmativas e positivas, politicamente falando. Sobre todo no que atingue á nosa posíbel representación en París. A segunda razón é de orden económico. Nin os de Galicia nin os de eiquí, poderían soste esa representación na forma axeitada e decorosa con recursos propios. De aquí tampouco pode ir directamente ningún, primeiro por as mesmas razóns económicas, e logo por non ter á man persoa que poida facel-o, sobre todo persoa de absoluta confianza política, pois as que hai fannos moita falta eiquí. Tanto que cicáis eu non volva a Chile. Os amigos de Bos Aires Oblíganme a quedarme con eles, e eu quédome.

A solución sería, pois, que o noso representante xa estivera ahí, con unha base de vida en París. N'ise caso, o Consello de Galicia faceríalle unha asignación como complemento, que lle permitiría situar co decoro que o cargo require, e moverse en todol-os medios en que deba facelo con certa folgura. ¿Canto? Velaiquí unha pregunta que me permito facerche pr'a ter unha base da cual partir n'iste aspeito do problema.

En canto á persoa, serías ti, César Alvajar, o meu candidato, o de Abraira e o de outras persoas das que che falarei n'outras correspondencias. Tamén-o serías de Alonso Ríos, que dende que morreu Castelaio é o Xefe do Consello. Alonso Ríos, que viviu moitos anos en Buenos Aires antes de [ir] a Galicia pr'a memorábel Asamblea do Estatuto da Cruña, foi un dos precursores do movemento galeguista eiquí. Pol-a súa conducta eixemplar, pola súa verticalidade nas ideas, pol-o seu fervoroso outismo, Alonso Ríos é oxe, entr'os galegos de Buenos Aires, figura consular e patriarcal inouxetábel e intanxíbel. Tamén de Don Manuel Puente, un vello republican [sic.] dado por enteiro á causa patriótica de Galicia, xeneroso Mecenas da nosa cultura e da nosa loita, motor das dúas cousas. Así mesmo os Presidentes dos Centros Ourensáns, Coruñés e Pontevedrés, o de Betanzos e o de Corcubián, que forman unha Comisión Intersocietaria para apoiar incondicionalmente ó Consello de Galicia e todo o que él representa e siñifica.

Lee, pois, e relea esta carta, decide é contéstame inmediatamente.

Pro teu mellor goberno, e para que seipas o carácter que tería o noso representante ahí, quéroche facer unha derradeira advertencia en col da nosa posición galega. O noso galeguismo non está limitado aos lindeiros dun determinado partido político. Queremos que sexa un movemento espiritual e nacional galego, compatíbel con todos, de resurrección total de Galicia. Naturalmente que intransixentemente republicano e democrático, sin a menor concomitancia con ningún xeito de totalitarismo.

Chegado o intre de que o aitual réximen da península... sin perda de minuto, Galicia – aténdose á derradeira eispresión da libre volunta[de] do noso pobo, proclamará e defenderá a súa total autodeterminación política, sin entrar en «esperas» nin postergacións por ningunha cras de motivos de paitos, oportunismos eleitorales, nin nada d'eso. Despois da afirmación da nosa personalidade, si que entraremos en calquera acordo fraternal, cooperación, axuda, etc.; pero dende a nosa posición libre, e, de ser posible politicamente estroiturada [sic.]. Non caeremos no erro de volver a perder a oportunidade que perdimos cando se proclamou a República. Por eso coidamos de moita urxencia poñer en práctica a túa proposta. Deica agora o noso movemento estivo, certamente, un pouco illado e limitado a Buenos Aires e Galicia. E como ti dis, ten que facer aito de presenza no resto do mundo, especialmente en Europa e no seu pulso vital, que aínda sigue sendo París, onde se decideu e se deciden moitas cousas.

Volvo a pregarche, por eso, que me contestes a seguido de recibir esta carta e, naturalmente, despois de estudiala.

E nada máis por oxe. Saúdos de todos, aínda dos que non te coñecen persoalmente, mais que te coñecen ao traveso dos teus traballos e das miñas referencias.

DÉPARTEMENT
de
L'ORNE
—
ARRONDISSEMENT
D'ARGENTAN
—
MAIRIE
de
VIMOUTIERS

CERTIFICAT



Ponce huit



Ponce huit

Nous, Maire de la commune

Certifions que :

- 1^o Monsieur Alvajar Léon, né le 12 janvier 1896 à La Coruña (Espagne);
 - 2^o Madame Alvajar, née Töpfer Jean Ammann, le 30 octobre 1885, à Ruitin La Coruña (Espagne);
 - 3^o Alvajar Anna Maria, née le 7 avril 1918, à La Coruña (Espagne);
 - 4^o Alvajar Marie-Thérèse, née le 14 août 1921, à La Coruña (Espagne);
- ont résidé à Vimoutiers (Orne), rue Sadi-Carnot, depuis le 10 mars 1940, jusqu'à ce jour.

Les membres de cette famille n'ont soulevé aucune critique au point de vue moralité et probité pendant leur séjour à Vimoutiers.



Ponce huit



Ponce huit


*Je soussigné César Alvajar j'ai pu
le 27.10.1940 lui prêter état. Le
certificat mentionnant Vimoutiers
général. de l'arrondissement
Vimoutiers, le 27.10.40.*

de la Montauban
**Evacué du Département de l'Allier
par ordre de l'Autorité Supérieure
Vichy, le 30-10-40**
*Je soussigné... au départ de l'Allier
pour une destination ou
de son choix le 30/10/40*

Le Maire,
Pour le Maire
l'Adjoint



AMB.



Carnet de residente privilegiado («carte de séjour de résidente privilégié»), con el nº AA51081, de César Alvajar Diéguez en Francia, logo de que o goberno francés lle concedese no 1932 as «palmas académicas». AMB.



Carnet de prensa de César Alvajar Diéguez en Francia. AMB.

De min recibe unha forte aperta, fraterna e amical, coma quen diría, coruñesa.
Dirección: Federico Lacroze 4086, Buenos Aires, Argentina.
Ramón Suárez Picallo [sinatura].



Ramón Suárez Picallo.

Transcribe Javier Alvaraj (AB 1989, p. 180) outra carta de Suárez Picallo (do 25 de abril de 1957), moi preocupado porque Galicia non estivera representada nunha reunión en París de «todol-os partidos políticos republicáns, das dúas organizacións sindicais e das agrupacións vascas e catalanas» (o que máis tarde se chamará «Unión de Fuerzas Democráticas»). Alí estivo o galego Salvador Etcheverría, pero en representación do partido Unión Republicana. Trataron, nada menos, que da caída de Franco e da «sustitución provisional do réximen deica a reestroituración do novo, democrático, etc., resultado dunha consulta eleitoral libre e con garantías». A existencia dunha delegación do «Consello de Galiza» en París síntese como algo moi urxente e, nese senso, Suárez Picallo, pon as súas bases: será persoal e actuará de acordo cos puntos de vista do CG. Insiste en que César Alvaraj acepte o cargo, porque outros persoeiros están máis ligados a partidos e iso réstalles independencia.

O 8 de maio de 1957 César escribe a Suárez Picallo, dicíndolle que acudiu a unha reunión en Burdeos con membros da «*resistencia española*», seguida de outra en París nos locais do Goberno Republicano. Expresálle o apoio que a delegación do «Consello de Galiza» ten por parte de destacados membros do goberno republicano, como Félix Gordón Ordás, Fernando Valera e Salvador Etcheverría. César tamén expón que, se acepta o mandato do «Consello de Galiza», será «*para poner toda la carne en el asador, hasta donde las fuerzas me lo permitan, tanto por el amor que la causa de Galicia me inspira y el deseo de reparar la inacción «europea» de estos años, como porque el corazón me dice que esta será ya mi última aventura*». Tamén confesa a dor que sente pola perda da súa muller.

O 13 de maio de 1957 César informa a Suárez Picallo dunha entrevista co Sr. Sauret, secretario xeral de Esquerza Republicana, quen, entre outras cousas, fai testemuña de admiración a Suárez Picallo polo seu «*talento*». Di César a Suárez Picallo: «*creo que eres un convencido de la razón que me asiste en pretender que Galicia esté representada en Europa. Desde 1947 vengo diciéndolo y ahora los hechos vienen a darme la razón. Esperemos que no sea tarde... Y hagamos lo necesario por recuperar el tiempo perdido*».

Escríbelle de novo César o 18 de maio de 1957 para expresar con claridade os pros e os contras de que el sexa o delegado do «Consello de Galiza»: Empeza pola súa mala saúde e os seus 65 anos, enfermo do corazón, «*Mal carácter. Bueno en la intimidad, no soporto*

en el trato humano, como antes, las inconveniencias de los demás con sonrisa indulgente y gracia diplomática. Me disparo y suelto «cuatro frescas». Es achaque de la vejez, que me cuesta gran trabajo reprimir».

As vantaxes empezan porque levaba en Francia 18 anos e, deles, máis de doce en París. Ten boas relacións alí, sobre todo nos medios protestantes «*que son una «elite» en Francia*». O goberno francés concedeulle as «*palmas académicas*» no 1932 o que lle dá a condición de «*residente privilegiado*» e lle permite «*moverse con soltura*». Ten ademais unha casa decorosa que herda da muller, cousa á que lle da importancia para recibir a calquera personalidade con decoro, «*porque un delegado de Galicia no puede... estar metido en una pensioncilla o en un cuartucho cualquiera, como por desgracia les ocurre a la mayor parte de nuestros compatriotas*». E sobre a súa independencia di que é absoluta, que pertence a Unión Republicana, pero non forma parte da súa directiva «*y hasta en la masonería me he retirado de toda actividad hacia 1949 y estoy enteramente al margen*». «*Mis relaciones con el gobierno republicano son excelentes*». «*Con catalanes y vascos estoy bien*». «*Cuanta más sea la autoridad que me asista, tanto más podré hacerlo en pie de igualdad, quiero decir sin que Galicia siga haciendo el papel de «hermanita menor» por carecer de portavoz*».

A continuación, expón un ambicioso programa que deberá levar a cabo quen encabece a Delegación de París «*para entenderse con el gobierno republicano y con los partidos y entidades, y para llevar el nombre de Galicia -hasta ahora ausente- a cuantas reuniones y concilios se celebren...*»

Suárez Picallo o 20 de agosto de 1957 comunícalle que a súa carta foi lida nunha «*xuntanza especial do Consello de Galicia, con asistencia do núcleo que o asesora e sostén económica e politicamente*» e todos e cada un dos puntos programáticos expostos por César foron aprobados. Iso si, hai dificultades para aportar fondos necesarios para o bo funcionamento da Delegación. Logo comenta o éxito arrolador de Salvador de Madariaga, residente en Oxford, que asistiu en Buenos Aires ó «*Congreso para la Libertad de la Cultura*». Deu varias conferencias, unha na sede da «*Federación de Sociedades Gallegas*», outra nun gran teatro, e todas con xente a rebosar. Foi, ademais, recibido «*en corporación*» pola Universidade de Buenos Aires e, a víspera de saír para Chile, o presidente provisional da República, xeneral Aramburu, ofreceulle unha cea na súa residencia particular:

Nas conferencias –que él calificou de meditacións– eisí como en entrevistas coa prensa, ratificou a súa coñecida posición liberal-monárquica fronte ó problema de Hespaña, pero tratando con gran respecto ós republicanos que dividiu en «*dogmáticos*» e «*pragmáticos*»; os primeiros «*república ou nada*» e os outros como «*del lobo un pelo*». Naturalmente él máis amigo de estes que daqueles. Combatíu o réximen franquista con elegante ferocidade, analizando con profundidade e gracia e agoirando a súa irremediabel caída a mais ou menos curto prazo. Tivo ao respecto unha frase de moito éisito: «*Ao revés dos cadáveres correntes, que primeiro morren e despois corrómpense, o réximen -dixo- xa está corrompido antes de morrer*». Nós, aparte de asistir a todol-os aitos, tivemos con él unha moi cordial entrevista. Entregámoslle un «*memorandum*», claro, conciso e ouxetivo -tipo profesor de Oxford- encol do problema de Galicia e do seu desenrolo, dentro e fora, dende o comenzo da guerra civil, con copiosa documentación eisí como varios libros que él non coñecía. Informámoslle das nosas relacións con Galicia e do que alí se está facendo, en todo o cual amostrouse moi interesado. Ratificou a súa posición federalista en base de unhas Hespañas plurales e manifestouse moi de acordo co texto do Estatuto Galego no tocante á personalidade autónoma da parroquia no

municipio e do municipio no réximen, e decir unha democracia de abaixo para riba. En fin, nós quedamos contentos de habel-o informado, dado o significado universal da súa personalidade, i-a súa condición de galego da que fixo alarde en público i-en privado, eisí como no xeito sutil de «Meditar» os problemas con moito de «remoído trasacordo». ¿A ti que che parece?

O 4 de setembro de 1957 César manda a Picallo outra extensa carta que, entre outras cousas, fala de que coñeceu ó doctor Antonio Baltar que regresaba a Buenos Aires. Pero, ademais de falar de libros e das súas colaboracións en revistas, céntrase na figura de Madariga:

Hombre indudablemente liberal y de indiscutibles talentos y méritos, nunca sus entusiasmos republicanos fueron muchos, y él lo confiesa; pero estimo, con todo, que es persona cuyas actividades y prestigio no deben desaprovecharse... y no es mal síntoma que siendo él gallego un poco por casualidad -hijo de militar destinado a La Coruña, vio la luz en la calle de Bailén, y por allá anduvo hasta pasados los límites de la adolescencia- haya hecho alarde de ello en privado y en público según me dices. Puede sernos útil llegado el caso. Yo no le trato. Cambié saludos con él en alguna ocasión, nada más; pero es muy amigo de Valera, y cuando fuere necesario, puedo «entrarle» por ese lado. Aquí en París goza de renombre, que aparte sus merecimientos, le facilita su dominio literario del idioma, y suele venir de Oxford con relativa frecuencia.



Antón Alonso Ríos, natural de Silleda (1887-1980), era mestre, escritor e político galeguista. Foi secretario do Consello de Galiza con Castelao e presidente, á morte deste en 1950.

Outra carta de César a Suárez Picallo, datada en París o 29 de setembro de 1957, dá conta do falecemento de Salvador Etcheverría, «único gallego que figuraba en el gobierno republicano... Su pérdida es dolorosa por doble concepto: el de la amistad primero, y luego porque aunque no representaba a Galicia concretamente en el gobierno, era un aliado. Es un apoyo menos y ello agudiza los efectos de la carencia gallega en París.»

Con motivo do enterro, invitado por Gordón Ordás (co que fixa unha entrevista), César pronunciou un «discurso fúnebre, en el que acentué la nota gallega todo lo necesario, hablando en nombre «de los gallegos». Con tal ocasión recibiu na súa casa ó fillo de Etcheverría, Carlos, e falou brevemente con Gordón Ordás. Alude a Marc Bernard, colaborador de *Le Figaro* e *Le Figaro Littéraire*, que escribiu marabillas de Galicia na que estivo polo verán: «La Galice es un pays admirable en cette saison, que vous devez absolument connaître».

O 12 de outubro de 1957 César volve comunicarse con Suárez Picallo. Moi interesado porque Galicia sexa estudiada e difundida, fala da señorita parisiense Josette Levy, «que

se pasó el verano de 1956 en La Coruña preparando su tesis de licenciatura sobre doña Emilia Pardo Bazán. De ella supe por Juanito Naya... que al enviarme varios documentos autógrafos muy interesantes de Pondal (cartas dirigidas a Rosalía y a Murguía sumamente interesantes, etc.) me da la dirección de la Mademoiselle (62, rue de Montorgueil – Paris, 2), conocedor de mis deseos de «hacer prosélitos y mimar a los ya existentes». Poco a poco irán saliendo, como las cerezas. La cuestión es empezar y poner perseverancia».

O 27 de novembro de 1957 Suárez Picallo intenta convencer a César para que sexa o delegado do «Consello de Galiza» en París:

... Pra entenderte con Partidos políticos, organizacións e demais, podemos darche, si che parece, credencial da Irmandade Galega de Buenos Aires que ven a ser eiquí o grupo especificamente político da coleitividade e que representa as Irmandades de outras cibdás arxentinas e de outras capitales americás, grupo no cal participan xentes de diversas tendencias ideolóxicas do galeguismo mesmo...

... quero que te convenzas definitivamente que si Galicia, -como esperamos- ten representación en París, ti, César Alvajar, eres o noso representante. ¡E se non, non! Reunes todas e moitas máis condicións das requeridas para merecer a nosa máis ausoluta confianza e a nosa fraterna estimación. Esto non é solo a opinión miña. E a de todol-os amigos que andamos no asunto, empezando por Alonso Ríos, á vista da túa constancia, do teu fervor, e, ademais, da túa admirábel «puntería política»...

César acepta e en decembro xa exerce como delegado do «Consello de Galiza» en París.

O 7 de decembro de 1957 escribe César a Suárez Picallo. Fálalle de que a relación co goberno republicano e cos partidos é boa e que mesmo o poden convocar sen ter aínda as acreditacións. Envíalle un proxecto de «*estatutos jurídicos*»: «*Desde luego tengo la impresión, bien fundada, de que el período de autonomías se juzga, casi unánimemente, superado y predomina la tendencia a una constitución federal. La representación gallega habrá de influir en acentuar esta inclinación*». E adxunta nomes e partidos (ademais dos domicilios) dos asinantes do documento de data 23-02-1957: Rodolfo Llopis, PSOE; Francisco Javier de Landáburu, Partido Nacionalista Vasco; Juan Sauret, Esquerra Republicana de Cataluña; José Pallach, «*Movimiento Socialista de Cataluña*»; José Maldonado, «*Izquierda Republicana*»; Arturo Ortega, Unión Republicana; CNT, «*Colaboracionista (aunque el firmante es Ramón Liarte el Secretario actual es Ginés Alonso)*»; José Martí, «*asistía a las reuniones en representación del Partido Federal, Ricardo Carrillo, pero después de la salida de éste para Caracas no asiste a las reuniones ningún representante de dicho partido*».

O 16 de decembro de 1957, Suárez Picallo manifesta no nome de todos a gran satisfacción que teñen porque César aceptase o cargo de delegado en París. Podemos ver a imaxe desa carta no traballo de Javier Alvajar do AB 1989, p. 181:

... a Irmandade Galega de Buenos Aires, aos efectos de dar cumprimento a normas formales, solicitou das entidades similares de Rosario, Mar del Plata, Mendoza, Montevideo (Uruguay) e outras, a aprobación da túa credencial...

A credencial da «Irmandade Galega» serviríalle para actuar ante os partidos políticos, sindicatos e «demais institucións de eisiliados, de carácter político privado». En cambio,

para falar co goberno republicano no exilio, así como cos «governos autónomos» vasco e catalán, a credencial utilizada sería a do «Consello de Galiza».

A irmandade Galega naceu cando Castelao propuxo que no exilio non debe haber partidos políticos, xa que non hai eleccións; debe haber, sí, entidades patrióticas nas que poidan e deban aitar persoas de todas as ideoloxías afíns, de senso democrático, republicano e galeguista. Aprobouse a tesis de Castelao, e por eso a Irmandade é a única entidade especificamente política da que forman parte xentes dos máis diversos matices, incluso moitos sin partido, dende sindicalistas libertarios até Unión e Izquierda Republicana, todos de signo galeguista.



A presenza do fillo de César, Javier, xa aparece nestes primeiros momentos:

Vemos con moita satisfacción que tes e seguirás tendo no teu fillo Xavier, un valioso auxiliar e colaborador. Estás, naturalmente, autorizado a vincular-o ó noso problema, incluso a que, nos casos en que haxa «pleito de menor cuantía», onde non conveña que ti te

«gastes», ou te «queimes», aítúe el na túa representación, baixo a dirección e a orientación túa. Isto estensivo ó teu fillo ou a outras persoas que ti vexas. Despois veremos de resolver o referente ás «accesorías». Dende agora pódéslle decir que non nos pasa inadvertida a súa axuda, da que tomamos boa nota. Para algo –se non me trabuco– é fillo da que fora nosa irmandiña da Cruña, doña Amparo Jeán.

Temos lido con moito interese e deteñemento o esbozo de Estatuto do proxeitado Goberno Provisional. Coincidimos contigo na apreciación do seu contido. O que si nos chamou moito a atención é o que di o seu autor –a quen eu coñezo ben– sobre autonomía[s] rexionales, recoñecendo que o problema está superado pol-a «nova» doutrina das nacionalidades, e da súa idea federal ou confederal. Paréceme un «sustancial progreso», como diría un diplomático yanqui. No que coído que se equivoca é na súa estimanza da opinión de Jiménez de Asúa, pois iste, a menos que adprendese algo máis nas súas andanzas por estas terras– tense proclamado convicto e confeso antifederalista e antiautonomista. En certa ocasión tuven que refutalo, publicamente, en Valparaíso.

A delegación de París, pois, con César en primeiro plano e co seu fillo Javier á beira, traballou para que Galicia estivese presente en todos os foros, diante da posibilidade (que non sería tan inmediata como a eles lles gustaría) de que o réxime de Franco desaparecese. Consta Javier (AB 1989, p. 183) que traballaron sós, sen a axuda dos galeguistas do interior, que non ofrecían confianza ós membros do «Consello de Galiza».

Salvador Etcheverría Brañas no 1951, un dos grandes amigos dos AlvaJAR. Foi membro do Goberno Republicano no Exilio. A súa casa en Betanzos, fronte á fachada principal de San Francisco (onde hoxe está «A cova do Frade»), foi requisada por Franco e logo subastada. O seu fillo, Carlos Etcheverría Vázquez, é presidente do Ateneo Republicano de Galicia.

O 24 de marzo de 1958 escribe Suárez Picallo a César amosando a preocupación de todos pola súa saúde (César sufrira unha operación quirúrxica importante):

... Imaxínote enterado de que estou mantendo co teu fillo Xavier interesantísima correspondencia. Cando ti estabas enfermo escribiunos no teu nome ofrecéndose a traballar con nós en servizo de Galicia, decíndonos que o facía convencido de que servía o seu país, entendendo por seu país únicamente Galicia. A declaración impresionounos moito e estamos convencidos de que a súa colaboración ha de sermos valiosísima. Ahí e nada -como lle dixen a él- un coruñés con axilidade mental que da o mar da Cruña. Perseguido alí, convivindo cos nosos aldeans e oureado logo e aireado da europeidade de París. Unha verdadeira adquisición para nosa causa... Como xa che dixera a tí unha vez, nós temos conexións con un grupo de Galicia, que aitúa moi ben no orden intelectual e cultural en Compostela i-en Vigo en torno a «Galaxia», pero tememos que en política teña unha posición pasiva, cuáseque nihilista de «nin esto nin aquilo», sin poñer nada entre isto i-aquelo. Pol-o de pronto non sabemos nada da Cruña i-a mín obsesióname a Cruña como núcleo vivo da política galega...

O 13 de abril de 1958 César escribe a Suárez Picallo de novo. Acaba de sufrir unha operación e ten poucas forzas, pero infórmalle de que se entrevistou con Gordón Ordás, con Valera, con Just e co xeneral Herrera, do goberno republicano, e anuncia as visitas ós presidentes dos gobernos vasco e catalán. O catalán Sauret, por certo, en principio tiña reservas á representación galega porque consideraba que o «Consello de Galiza» non era un partido político, pero César, que estivo na súa casa, encargouse de aclararlle o seu papel exclusivamente político. Landáburu e Leizaola, polos vascos, non puxeron obxeccións, aínda que temían unha oposición por parte socialista (Sauret tamén a temía), porque vían que se reforzaba o flanco autonomista ou federalista:

... en el fondo les parece a algunos que viene [Galicia] como el obrero de última hora de la parábola evangélica... No se dan cuenta de que la geografía de nuestra guerra determinó una mínima emigración gallega en Francia, frente a una muy numerosa vasca y otra catalana. De todos modos fue un defecto de óptica y de sentido político no haber reparado antes esta carencia, y de ello brotan ahora las chinitas.

Esperan, claro, un «cambio político en España, que es lo que más apremia», cambio que estaría moi lonxe de producirse, pero eles non o sabían e loitaban porque Galicia estivese ben posicionada nese momento. O mesmo César, aínda sen dar creto ás noticias, anima con «fantasías» sobre o declive de Franco:

Las gentes pierden el miedo [en España]. Se comenta ya desfavorablemente la situación sin gran recato. Síntoma no desdeñable y que nos aportan dos personas de muy distinto carácter y filiación. Franco -dícese- ha sufrido un amago de angina de pecho. Ignoro su gravedad y alcance. Lo que sí parece confirmado es que su enfermedad de próstata (también los caudillos) se agrava. Si no hubiere otro remedio tendría que operarse, y parece que iría a Suiza y que se aprovecharía esta coyuntura para un cambio de política, fundado en «motivos de salud». Hay conciliábulos de generales. El ministro Barroso, que como sabes pertenece a la familia de Sánchez Guerra en no sé qué grado, advirtió a Franco dándole el número y nombre de los que andan en la conjura. La decisión inmediata del dictador fue la de destituirlos, pero se le respondió: -Ya no tenemos fuerza para eso. Y se le disuadió de la medida. Estas son las cosas garantizadas que extraigo de entre el cúmulo de fantasías que no me merecen crédito.

Suárez Picallo o 25 de abril de 1958 envía a César unha carta manuscrita. Avísalle de que Jesús Canabal anda xa por Europa e leva mensaxes do «Consello de Galicia» para o goberno republicano, para os cataláns e para os vascos, como suxerira Alvajar:

Canabal é unha figura estraordinaria da nosa causa. Republicano vertical de sempre e afervoadado galeguista. Xeneroso de mans abertas e, ademais -dentro da súa admirabel sinxeleza- un gran señor, un cabaleiro cabal. Por eso para nos, facelo portador dos nosos mensaxes ven a ser mel sobre azucre. Entre os dous faredes moi ben a cousa. Onte tuvemos [en Bos Aires] unha reunión conxunta, vascos, galegos e cataláns, convocada pol-o Delegado do Goberno vasco. Trátase de organizar eiqú un gran aito público, de conxunto, para eisaminar a situación na Península dende o noso punto de vista e para facer unha afirmación rotunda e definitiva. Esta: A España centralista-castellana, fracasou como Estado, como comunidade de pobos. Como comunidade xurídica. Ensaíou todas as modalidades de monarquía -cesarista, absolutista e semidemocrática-, todos os xeitos de dictaduras civiles e militares e tamén dúas repúblicas. ¿Causas? Un Estado artificial superposto enriba dos pobos ibéricos i-as súas ricas variedades. Un Estado de arriba para baixo, do centro para periferia. Hai que declarar caduco todo eso e darlle volta a todo. Non se debe volver a ensaiar cousas xa fracasadas. Todo canto se faga pro futuro ha de ser sobor da base de plenitude das vellas nacionalidades, voluntariamente axuntadas por virtude da súa autodeterminación.

A data que sinala este fracaso total, co aseninato da derradeira posibilidade, e o 18 de Xulio de 1936. O aito pois será eiqú o 18 de Xulio. Os discursos 3 en total, un vasco, un catalán i-un galego, discurrirán dentro das eispresadas ideas... Falamos cos cataláns encol do «caso» Sauret en forma amable. Quedaron de escribirlle. O delegado vasco díxonos que o Presidente Aguirre agarda a túa visita...

Outra carta co subliñado de «Confidencial» é a do 10 de maio de 1958 que Suárez Picallo manda a César Alvajar:

Dentro d-unhos días -quizá antes de que chegue don Jesús Canabal- chegará a París Perfecto López, de Corcubión, moi vencellado aquí ás «nosas cousas». E, desde sempre, moi bon republicano e moi bon galego. Poseedor de gran fortuna na industria automovilística, forma parte do grupo de «bos e xenerosos» con frecuentes aportacións... hora ben: Perfecto e un pouco «eiscéptico» no referente ó éisito do noso traballo, incluso con referencia á Delegación en París. Adoita xuntarse con núcleos mais ou menos afíns a nós, pero que non están de todo con nós. ¿Entendes? As veces non é de todo discreto. El ten moito interés nos traballos que eu inicié co teu fillo Xavier sobre os traballos que se levan a cabo en Galicia, os que no seu día serán axudados por nós. El tamén axudará. Por eso coidamos -o noso grupo- que é de



Salvador de Madariaga.

Buenos Aires 2 de Maio de 1958

Sr. César Alvajar París

Consello de Galicia

Querido Alvajar: Depois de escribirche a miña
 derradeira, pensei que algo me faltaba. Debe conta de que mal poderei
 facer de introdución de credenciais co señor Gansbal, sin ter ti presentada
 "Cartas Credenciais". Eu pedirache en unha anterior que ti nos dieras
 a fórmula dos textos, así que coardamos que sales mais que nos sa-
 maticas diplomáticas.

Teño agora no pedido pra que nos envies a creencia
 e os textos pra copiarlos e firmalos o mandarchos deseguida
 pra o caso en vez de credenciais, abndaria en un co
 comunicado do Consello de Gobernos republicanos varez e catalán dandellos
 conta do teu movemento E o seu significado e propósito?

Si decidiras como che parecea mellor. Claro que o
 antes posible pra que en todo intre ti estas debidamente documentado
 coas Austria, Alemañia, Suecia e París. Do texto, segun calculo, chegará
 a París nos primeiros días de Junio. Así se lo recibimos a Gansbaloff
 comunicandote a noticia pra que te vosa enseguida de chegar.

Segun estamos moi ansioso por saber que pasa en España o día 5 de maio por
 ise e a data fixada por os comunicos pra facer manifestacións chamadas de
 "Reconciliación Nacional" en febrer, brice e demais, segun o resente que che son
 to. Alá seremos.

Agardando tua resposta, Saudos de todos e da miña
 parte unha forte aperta

Ramón Saracho

Fabrice Ranga 4086
 París


moito interés que tanto ti como o teu fillo, si falásedes da cuestión enlaces «con Galicia» clandestinidades e outras cousas mais ou menos «misteriosas», lle digades, tamén «misteriosamente», que sí, que hay cousas en marcha, ben encamiñadas. Pero sin pronunciar un solo nombre nin un solo lugar. Cando mais insinuarlle que a «cousa» e polo lado da Coruña e da súa provincia. Temos gran interés en ter, definitiva e totalmente con nós, a Perfecto López. E estamos seguros que ti e Xavier podedes facer moito entusiasmándoo ahí, co prestixio que da o estar en París...

No mes de maio de 1958, Félix Gordón Ordás, presidente do goberno republicano no exilio, logo dunha viaxe por Hispanoamérica (Javier Alvajar, AB 1989, p. 189) convoca unha

«reunión restringida» e a ela acoden César, como delegado do «Consello de Galicia» e Javier, na súa calidade de «*Secretario del Ministerio de Información, Propaganda y Archivos del Gobierno Republicano en el exilio*». Informou dos resultados da súa viaxe e tratouse da necesidade de adoptar un «*plan conjunto de acción futura en España*».

En toda a etapa que aquí se analiza, a correspondencia ten lugar normalmente entre César Alvajar e Suárez Picallo, pero, ás veces, como xa vimos, a presenza de Javier Alvajar faise notar, mesmo nos primeiros tempos da delegación de París. Así, o 20 de maio de 1958 escribe Suárez Picallo a «Xavier» (imaxe no AB 1989, p. 185) sobre a non aceptación, por parte do que daquela se chamaba «Pacto de París» e logo «Unión de Fuerzas Democráticas», das «Irmandades», ó non consideralas un órgano político dos galeguistas exiliados:

Onte recibimos a súa carta na que nos fala do acordo dos grupos de ahí encol da non aceptación das Irmandades. A noticia é para nós desagradábel, pero non moi «sospresiva». É o de sempre. Depois de lida, acordamos celebrar dentro d-unhos días, depois de ter conversas cos de Montevideo, unha reunión especial para acordar cal ha de ser a nosa aitude. Aquí, no seo da coleitividade republicana peninsular, temos gran forza. Mellor dito, somos a máis poderosa forza. E farémola valer debidamente. Pol-o de pronto, estamos moi contentos de que as institucións representativas –gobernos– non compartan a aitude «separadora» ou separatista. Pareceunos moi ben -e teño o encargo de felicital-o efusivamente- a súa reación. Teña a seguridade, tanto vostede como seu pai, que contan coa nosa máis



Jesús Canabal Fuentes, natural de San Miguel de Pereira, O Pino, foi un empresario de éxito en Uruguai, apoiando ó mesmo tempo a causa galeguista. Fundou Ipusa («Industria Papelera Uruguaya Sociedad Anónima») e tamén o Banco de Galicia. Presidiu, entre outros moitos actos, o I Congreso da Emigración Galega, celebrado en Buenos Aires en 1956 (na foto de grupo, 3º pola esquerda).

fervorosa adhesión e apoio nesa posición. Despois que nos reunamos e recibamos a información de seu pai, volveille a escribir amplamente.

Mentres tanto, quero facerlle notar que acerta vostede de cheo na súa suposición das causas que moven a posición socialista. Xa fai tempo se falou de formar un Partido Socialista galego. Formárao Juan Jesús González, canteiro, mestre de escola e abogado, con apoio de socialistas ilustres, coma o Doctor Quintanilla de Ferrol. Os dous foron fusilados. Pero, chegarase a eso tarde ou cedo, cando Galicia afirme a súa personalidade política. Nós coñecemos as causas da posición dos vascos. Eles, pra manterse, necesitan de Prieto, que ten moita forza en Bilbao. E Prieto é o noso enemigo declarado. O propio Aguirre, despois de animar a Castelao a fundar o Consello de Galicia, e de telo recoñecido, variou de aitude por esixencia de Prieto. É, como ve, unha longa historia que xa lle contarei.

En troques estrañounos a aitude de Izquierda R. coa que o Partido Galeguista, do que as Irmandades son continuidade, tivo desde Agosto de 1934 un pacto de alianza que sempre respetamos. E tamén a posición da C.N.T., pra que debuxou Castelao o seu Album «Atila en Galicia», e da que eu fun abogado na Cruña, e, en plena Guerra Civil, en Aragón, sacando das cárceles de Líster 1.400 afiliados, cando ne-lo me iba a cabeza. Mais, en fin, xa veremos. A cousa non ha de quedar así. Pol-o de pronto, repítolle as nosas felicitacións pol-a súa reaición, magnificamente galega. Enterado do que me di dos «enlaces». Por correo ordinario recibimos os libros para todos. E nada máis por oxe. Saúdos a seu pai e para vostede apertas de Ramón Suárez Picallo [sinatura].

O 27 de xuño de 1958 Suárez Picallo, desde o «Consello de Galiza», escribe na mesma liña a César Alvajar (AB 1989, p. 186) e engade:

... O 14 de julio –toma da Bastilla- realizaremos aquí o gran aito público de que xa che falara, orgaizado por vascos, galegos e cataláns, para proclamar que o 18 de Xulio de 1936, marca o último e definitivo fracaso da España Centralista, do seu Estado sin raíz popular ó que hai que lle poñer fin, para crear a nova Comunidade plurinacional, federal e democrática con traieitoria de abaixo para riba. O mitin, nun gran teatro, constará de varias partes: os tres hinos; números representativos do arte de cada país e tres discursos: un vasco, un catalán e un galego que o farei eu. A seguido leerase un manifesto-proclama, eisplicativo, que será divulgado «urbi et orbi». Como preliminares, miles de afiches en cores, follas voandeiras,

frases radiales e demais, contra o aitual réximen franquista, e os demais rexímenes que o viñeran incubando ó longo dos séculos. Agardamos que o aito sea un suceso, en parte o principio da resposta ós nosos separadores. Alí mesmo -antes non por razóns políticas- darei eu a conocer, debidamente salpimentado, o sucedido ahí.

Mentras tanto, rógoche que si non-o fixecheis aínda, non lle comuniquen nada á Irmandade Galega do sucedido, até despois do 14 de Xullo. A razón é a seguinte: no seo da Irmandade milita un seitor, aitivo e valeroso, eistremista-separatista, que aitúa con nós por derribar a Franco e conquistar a liberdade de Galicia. Xente moza e arriscada, que, de saber o ocorrido ahí coa nosa representación en París, iría ó mitin en aitude especialmente belicosa, que podería sacal-o dos cauces serenos, responsables, aínda que enérxicos, en que nós queremos que discurra, ó menos pol-o de agora. Despois xa veremos...

Por ese tempo, o 3 de xullo de 1958, Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, como «*Consejero de Relaciones*» e «*Secretario del Consejo de Galicia*» reciben en Bos Aires unha carta de Josep Tarradellas asinada en Saint Martin le Beau o 3 de xullo de 1958, que fala dun encontro con César Alvajar e, logo de expresar «*la vieja amistad y cordial comprensión que Cataluña siempre ha encontrado en el Pueblo Gallego, obtenida esta ya en los comienzos de nuestro Renacimiento*», fai gala de gran determinación, pero tamén de sentido común e pragmatismo:

... Nuestras coincidencias cada día deben ser mas hondas y seran mas fructiferas si somos inflexibles en nuestras aspiraciones. Creo que sería grave e imperdonable error si alguien se dejara llevar por el convencimiento de que nuestros problemas se acabarán con el derrumbamiento de la dictadura franquista. Que nadie deje de tener presente que la repulsa a nuestros ideales no es un privilegio exclusivo de los que hoy tienen sometidos nuestros Pueblos. También me parece que es indispensable que nuestros adversarios presentes y futuros sepan que nuestra personalidad nacional es indestructible y que nadie nunca podrá ni eliminar ni mixtificar. El Delegado Especial de la Generalidad en la Republica Argentina, Señor Jose Santaló, que conoce mis sentimientos y deseos de cooperación con el Consello de Galiza... no solamente comparte nuestros deseos sino que con su actuación y presencia encontrarán en él y en la representación que tiene conferida, el mas fiel y cordial amigo del Pueblo Gallego.

O 14 de xullo de 1958, César Alvajar envía a Suárez Picallo unha longuíssima carta na que empeza por detallar cada paso do doctor Canabal en París: visita a Gordón Ordás no goberno republicano... «*Puse al Sr. Canabal en contacto con mi hijo, que le dio cuenta de sus contactos con los «de allá» y de sus trabajos de censo de los gallegos de París, ya bastante adelantado*». Logo visitan ó presidente do goberno republicano, ademais do xeneral Herrera e Just e «*larga y sabrosa conversación con Valera, que está indignado por la famosa negativa del Comité (todos lo están en el gobierno). La furia de Valera proviene de que en todos los congresos, reuniones internacionales de Ginebra, La Haya, etc., a los que asiste como hombre de relaciones exteriores, exgrimió... el argumento del evidente republicanismo de los gallegos emigrados... pero ya le hicimos ver que... en Ginebra y en La Haya no ha oído hablar nunca del dichoso comité, sobre cuya eficacia hay muy encontradas opiniones. Se tranquilizó y hasta hablamos un poco de Platón y de Maimónides, cosa inevitable con Valera... Ni que decir tiene que Canabal expuso dignamente su descontento por lo ocurrido, lamentando sus posibles consecuencias*».

Logo visitan a Aguirre, do «*gobierno vasco*». Só lles quedaba Tarradellas:

... Pero el Sr Tarradellas no vive en París, ni siquiera en el departamento del Sena, sino en el de Indre y Loira, en un pueblecito que se llama Saint Martin le Beau, no lejos de Tours. Viene a París cada quince o veinte días, cuando puede, y precisamente acababa de recibir yo una espontánea carta suya (no nos conocíamos sino de vista) pidiéndome hora y sitio para hablar conmigo el miércoles 2 de julio, en que estaría en París. Le contesté que le esperaría toda la tarde en mi casa, donde tendría mucho gusto en recibirle...

«Visita del Sr. Tarradellas. La cosa salió de él (aunque yo tenía proyectado ir a saludarle «oficialmente») y se mostró cordialísimo. Sumamente elogioso para los gallegos. Muy satisfecho de sus relaciones con ellos y, a lo que pude colegir, (todo esto muy confidencial) no enteramente satisfecho de los vascos. De ello tomo nota, porque aunque lo mejor es que estemos bien con unos y otros, y no hay por qué no hacerlo así, las razones o motivos de estos disentimientos deben sernos conocidas. Vi que casi el principal objeto suyo era hacerme patente esta mayor afinidad gallego catalana, aunque me habló, como tema central de la declaración de Galeuzca a propósito del acto conmemorativo del 18 de julio (que me dijo ibais a celebrar el 14, es decir hoy), declaración que yo no conocía. Habíanle pedido su divulgación aquí, y él abrigaba sus temores y juzgaba que debía hacerse tal divulgación atenuada en algún extremo. No porque a él le pareciese exagerada, sino por razones tácticas y de ambiente (el de París no es el mismo que el de América). Piensa que toda extremosidad o la declaración de que nos tomaremos las cosas por la mano, dicho en crudo por mí para mayor facilidad, pero ya me entiendes, no sólo puede herir suspicacias del gobierno republicano, amigo nuestro, que atisbe una desconfianza o merma para su autoridad, sino ser aprovechada por la malévolos intención de algunos de nuestros enemigos emigrados, que por aquí los tenemos... Aparte que como las cosas van por el camino federal, si obramos atinadamente no hay para qué esforzarse. Creo que no le falta cierta razón. Ni se le puede tildar de tibio, ni ha variado. Conoce sus clásicos de París y de toda Francia y cree que la táctica de América y de aquí han de diferir...

... me llegó estos días el rumor (puede ser que fuese un «ballon d'essai») de arrepentimiento del Comité: «Se podría hacer que un delegado gallego asistiese a las reuniones y asambleas como observador, y esto y lo otro». Dije que de ninguna manera. No. O se va con todas las preeminencias debidas, o no se va... Lo que no es decoroso es entrar por la puerta de servicio.

Fala logo extensamente da necesidade de entrar no «Consejo Federal Español del Movimiento Europeo», do que tratou con Aguirre e con Tarradellas. O «Movimiento Europeo» fundouse no Congreso de la Haya en maio de 1948, sendo presidente de honor Wiston Churchill. Os seus obxectivos eran promover o establecemento dunha Europa unida e federal, baseada no respecto ós dereitos humanos, na paz, na democracia, na liberdade e na participación cidadán. Pola súa banda, o «Consejo Federal Español del Movimiento Europeo» constituíuse en febreiro de 1949 no nº 11 da *Avenue Marceau* de París, como sección do «*Movimiento Europeo Internacional*» e desenrolou unha política decidida de apoio á unidade europea como medio de poñer fin á ditadura de Franco e reimplantar a democracia en España, procurando ó mesmo tempo o seu desenrolo social e económico:

Los vascos y los catalanes están ya -como no- desde «tiempo inmemorial»: «Lo preside Salvador de Madariaga, tiene su sede en París, en la rue de Lille, 19 (7º) y es su secretario el Sr. H. Gironella... y figuraban en él representantes de todas las tendencias democráticas, incluso sindicalistas, monárquicos de Don Juan, socialistas, etc. No es un organismo específicamente de exilados, puesto que en la oficina directiva hay representantes de los grupos clandestinos. Actúa un poco de colaboración con la Juventud Europea... Notas sueltas. Me dijo Tarradellas, sin asegurarlo, que es posible que haga un próximo

viaje a América. Hay que tratarlo bien.

El pintor Colmeiro me dijo hace unas semanas que iba a venir a París Blanco Amor (Eduardo). No le trato personalmente, pero rogué a Colmeiro que, si ello se comprueba, me dé su dirección o teléfono, para saludarlo, etc.

O 31 de agosto de 1958 escribe Suárez Picallo. Con respecto ó «*Movimiento Europeo*», o «Consello de Galiza» encarga a César que inicie os traballos preliminares para igresar nel.

Do interior de Galicia: O teu fillo Xavier está levando maravillosamente os traballos de enlace con xente de Galicia. Estou preparando un informe sobre o Consello de Galicia -o que é, o que siñifica, o que fai e o que quer facer- para que el o faga circular no interior. Dille eso de parte miña e dille tamén que coidamos que o centro de enlaces con Galicia debe ser París, e debe estar nas súas mans, fóra da correspondencia persoal que eu poida ter desde eiquí. O grupo con quen nós tiñamos relacións darredor de «Galaxia» é tamén inerte ou «inoperante» -góstame a palabra- e, como ti dis, está na figueira. Que siga no «cultural», que neso -soio neso- está moi ben! No outro non ven unha.

Os partidos: Estamos dacordo contigo. É posíbel que sexa mellor para nós non participar, por agora, nesa trangallada. Eille de escribir a Maldonado, quitándolle importancia á cousa. E rechazando de plano as reformas que él nos propón para que a Irmandade ingrese. Sempre a reserva do que che pareza a ti...

Vascos e cataláns: Tarradellas contestou fervorosamente o mensaxe que lle levou Canabal. Tamén o contestou moi cordialmente Gordón Ordás. Aguirre non respostou nin palabra. O que supoñamos. Prieto detrás.

Mentres isto sucedía, a prensa internacional faise eco dun discurso de Don Juan de Borbón en Lourdes, rodeado de carlistas. Suárez Picallo nunha carta a César do 10-X-1958 di:

... Quedeime abraiado pol-a ausencia total de taito e sentido político do «noso» pretendente, eloxiando o «esprito» do Movimiento do 18 de Xulio do 36 e propugnando a estas alturas do mundo a monarquía tradicional e católica como saída. Coido que os borbóns son cada vez máis idiotas e que España non ten máis remedio que seguir sendo o país de total-as Contrarreformas habidas e por haber ¡Así lle medrou e lle medra o pelo!

En calquera caso, e á marxe destas anécdotas do camiño, o obxectivo prioritario do «Consello de Galiza» pasa a ser o ingreso no «*Consejo Federal Español del Movimiento Europeo*», polo que se inician as relacións con Madariaga, quen escribe a César Alvarar o 29 de decembro de 1958 (imaxe no AB 1989, p. 188):

Contestando a su carta del 15 de diciembre y como por ahora no veo probabilidades de un viaje cercano a París, creo que lo mejor es que se ponga Ud. en contacto con el Secretario General del Consejo Federal, Don Enrique Gironella y que le exponga el deseo de la Irmandade Gallega de estar representada en el Consejo Federal. Ni que decir tiene que, si la cosa es constitucionalmente posible, yo estoy de acuerdo. Puede Ud. desde luego indicar al Sr. Gironella que hace Ud. la gestión después de consultarme y con mi apoyo. No creo que necesite Ud una carta de presentación especial.

Le deseo éxito en su gestión y le envío un cordial saludo.

O 31 de decembro de 1958 escribe Suárez Picallo a César. Entre outras cousas, infórmalle pormenorizadamente do paso polas cidades de Mendoza e Bos Aires de Tarradellas, «Presidente da Xeneralitat de Catalunya». O agasallo permanente que os galegos lle



Ramón Suárez Picallo nun mitin en América do Sur. Foto: Arquivo da Emigración Galega.

fixeron cobre boa parte desta extensa carta. E despois, pasa ás conversas políticas nas que vemos un Tarradellas moi consciente da realidade e afastado de sonos visionarios que estaban moi lonxe de se cumprir por aquel tempo:

Tarradellas manifestouse pesimista -dramaticamente pesimista- sobre a labor das coeividades políticas e sindicais emigradas que aítúan en Francia en contra do réximen franquista; estendendo este mesmo estado de ánimo ós gobernos en eisilio. Calificou estas forzas de inertes, inoperantes e acusounas de manter nas coeividades emigradas, ilusións i-esperanzas ficticias. O home espediuse sin reservas e «a calzón quitado», pro cual esixiu que as conversas fosen eisclusivamente pro Consello de Galiza, mandando retirarse, incluso, ós líderes da coeividade catalana que o acompañaban.

Nunha das súas parrafadas, pedinlle en unha interrupción, facéndolle notar que acaso a súa visión pesimista nacera no feito de aítuar él en Francia, nunha emigración derrotada na guerra, moral e políticamente agotada, cansada de esperar, namentras que as coeividades republicanas de América -especialmente a gallega e a catalana- están formadas por vellos residentes que xa eran republicanos moito antes de declararse a República; que nunca perderon a fé i-a esperanza de que a liberdade sexa recuperada. Recolleu él a suxerencia e declarou que o terá moi en conta nas súas aituacións en América.

Tuvo moitas reservas -algo máis que reservas- sobre o goberno vasco. Afirmou o que nosoutros xa sabíamos: que o goberno de Aguirre aítúa con referencia ós problemas das nacionalidades, «con permiso de Indalecio Prieto», enemigo xurado das autonomías especialmente de Galicia, tolerando as de Euzkadi e de Cataluña, solo como feitos consumados («fet acompli»).

Na segunda charla política secreta, informámoslle nós sobre a nosa posición e a nosa labor. Fixémoslle unha historia do Consello de Galiza, da súa historia, orixen, composición e

propósitos, que él aprobou... A xuízo del, nós cometemos un gran error ó solicitar que as Irmandades fosen admitidas no comité de París. E, -como xa ti nos tiñas dito- considerou feliz o feito de que non fosen admitidas; consecuentemente manifestouse contrario a que Galicia pida o seu ingreso na comunidade europeista. A súa tésis é que Galicia non debe pedir nada, senón esperar que lle pidan a ela. Cando eu lle fixen notar que os cataláns estaban nela, declarou que o señor Gironella non representaba a Cataluña pouco nin moito. E tivo términos pouco amables pros tales europeistas.

Concretando o referente ás posibles aituacións mancomunadas entre Galicia e Cataluña en París, afirmou: que de agora en adiante, nos aitos oficiais republicanos donde aítien o goberno republicano, os vascos, e os cataláns, participará tamén a representación de Galicia; en caso contrario, tampouco participará a representación de Catalunya. Citou o caso do próisimo 14 de Abril para iniciar tal posición, previo permiso que prometeu pedir e conseguir do Parlamento de Cataluña na súa próisima reunión de México.

Propúxonos o que ti nos tiñas proposto fai tempo. Editar un Boletín Informativo da nosa Delegación en París, para o cual prometeunos imprimilo gratuitamente nos mimeógrafos da Xeneralitat. A idea pareceunos boa e nunha próisima reunión trataremos o seu financiamento. Da dirección, naturalmente encargáste ti, nos idiomas que coides axeitado. Preferimos en francés i-en galego. Trátase de que Galicia dea fé de vida nos medios europeos.

Namentras fixémoslle saber que o noso representante en París, conta coa nosa máis ausoluta e completa confianza; e que o que el nos suxira, propoña e diga terá a nosa aprobación. A él pareceulle moi ben, pois ten por ti unha gran estimación.

Aquí, acerca da personalidade de Tarradellas, en relación ó cargo que ocupa, hai diversas opinións, non solo entre nós, senón que entre os propios cataláns, que dito sea de paso, están mui divididos política e ideolóxicamente.

Desde logo, ó meu particular xuício, non hai comparación posibel entre él e os Pi Suñer, os Serra Moret e outros cataláns ilustres que pasaron polo goberno de Cataluña; paréceme a menos cantidade posibel de político, e moita menos aínda de diplomático.

Pero ten, eso si, unha rexa e conmovedora persoalidade de patriota catalán, de home honesto mental, capaz de ser fidel á súa palabra e de servir por sobre todo á súa Cataluña.

O 31 de maio de 1959 César Alvajar escribe a Suárez Picallo:

El jueves 28 asistí, especialmente convocado, a una reunión de limitado número de personas, celebrada en los sótanos de un café inmediato a la Comedia francesa -atmósfera de conspiración, como ves- en la que se trató de secundar aquí con la posible eficacia «el llamamiento del general Alberto Bayo» y de la actuación de su organismo representativo en Francia. El tal llamamiento ha tenido bastante eco, y basándose en ello, una comisión de cinco miembros de la llamada Alianza antifascista activa estuvo a ver a Martínez Barrio, -alentada por los términos de su discurso en el banquete del 19 de abril- para interesarle que el gobierno republicano concilie sus propósitos con los de Bayo (al menos entre bastidores, porque a la luz no podría hacerlo en el momento actual de la política francesa), o que, si ello no es factible después de la incompatibilidad o desacuerdo que parece haberse manifestado en Venezuela entre Bayo y Gordón Ordás, se produzca una crisis, formando el nuevo gobierno personas acordadas con los proyectos de Bayo, o al menos no discrepantes con ellos. La cosa, pues, directamente contra Gordón.

El presidente, según los visitantes, tomó muy en consideración la visita y prometió dar una respuesta escrita en el plazo de diez días -que no había transcurrido aun el día de la reunión-. Cuando tenga esta respuesta se efectuará otro cambio de impresiones, pero el intento de producir un cambio parece haber cobrado mucho cuerpo. Ni que decir tiene que me limité a informarme y a nada me comprometí, mientras no conozca vuestra opinión y no me entere, además, por persona de autos, de todas las interioridades de este asunto. Desde

luego se va -y esto resérvalo- a la constitución de un organismo clandestino, de guerra, cubierto y amparado en la exterioridad legal por otro declarado y de traza inocua, para actuar al margen del gobierno que pueda formarse (al margen, pero de concierto) y que sea esa organización secreta la que desarrolle la labor de ataque, que el gobierno no podría acometer sin exponerse a una expulsión o a protestas diplomáticas y enredos con los que nada se ganaría.

Dícese que en el propio gobierno actual hay división en cuanto al llamamiento de Bayo, y debe de ser Just quien sustente que es menester apoyarlo, pues los de Venezuela piden que del nuevo gobierno formen parte él -que es miembro actual-, Álvarez del Vayo y el propio general Bayo, lo cual es desatinado e impropio, pues no le dejarán entrar aquí después de su declaración belicosa.

Decidme qué pensais de todo esto, pero yo creo, vistas las cosas aquí, que sin meternos muy a fondo ahora en la pugna contra Gordón (conozco el documento de Galeuzca, que me enviaron los vascos, etc.), no debemos ser ajenos a ningún movimiento que se presente con caracteres de seriedad. ¿Los tiene éste verdaderamente? No tardaré en saberlo, pero la reunión fue muy discreta y ponderada y sin influencia comunista visible...



Félix Gordón Ordás, Presidente do Goberno Republicano Español no Exilio desde 1951 a 1960, era un dos grandes amigos e valedores dos Alvarjar. Estes, a cambio, profesábanlle unha gran admiración, amizade e lealdade.

O 7 de xuño de 1959 escribe César a Suárez Picallo, informándoo dunha viaxe do presidente do goberno republicano no exilio, Gordón Ordás a Cuba, que este explicou nunha reunión «cuasi privada» e durante dúas horas a unhas 40 persoas, mostrando ó remate unha fotografía grande de Fidel Castro:

«la primera en que aparece descubierto»: A pesar de todas las justificaciones explicativas hábiles, estimo, empero, que mejor hubiera sido no recibir un cuarto del gobierno cubano mientras que lo detentaba un dictador como Batista. Mas... doctores tiene la Santa Madre Iglesia. De las divergencias con Bayo, ni media.

Asistieron todos os membros do goberno menos o xeneral Herrera, «que regresa uno de estos días de un viaje político-científico a Méjico».

A mi hijo lo vi en el acto en cuestión y corroboró algunas de mis impresiones. Va a hacer un viaje a Bélgica, por unos días, en comisión de servicio, y me prometió escribirte, pero si no lo hace con frecuencia tiene disculpa, pues está realmente muy ajetreado.

Para o 17 de xuño de 1959, Gordón Ordás convoca (imaxe no AB 1989, p. 190), unha reunión no domicilio social do goberno republicano para tratar do «alcance del contenido

del epígrafe «Autonomías Regionales» en el Memorándum sometido por mí, con fecha 15 de julio de 1957, a la consideración y estudio de las agrupaciones políticas del interior...» Pero César excusarase e non irá, debido a que tampouco o farán cataláns e vascos «con quienes los gallegos tienen concertada su acción en lo que al problema de las autonomías concierne».

O 10 de setembro de 1959 (AB 1989, p. 191) Suárez Picallo escribe a César Alvajar unha carta de apoio á súa xestión.

O 22 de novembro de 1959 (AB 1989, p. 191-192) Suárez Picallo escribe a César, centrándose no asunto da «participación galega no conxunto de forzas democráticas»:

Trátase, segundo colixo, do mesmo conxunto que rechazou no seu día a admisión das «Irmandades Galegas» de América, alegando non seren especificamente un partido político. Coincidimos ti e nós naquel intre, que se trataba dun mal pretexto para non incorporar os problemas de Galicia ós outros problemas peninsulares, que soportan por non ter máis remedio. Pola nosa parte, mantemos nas irmandades aquí, o noso vello punto de vista, planteado por Castelao: Na emigración non debe haber partidos políticos, xa que non hai eleccións. Debe de haber, en troques, institucións patrióticas que loiten pola liberdade, contra a ditadura e a prol da autodeterminación política de Galicia, cujos membros poden pertencer –e pertencen- a distintos sectores ideolóxicos e políticos de signo nididamente democrático, republicano e antitotalitario. Esto son as Irmandades e esto seguirán sendo. E non limitarán iste seu carácter, reducíndoo a un partido político.

Agora ben, neste carácter, as Irmandades de América, terían gusto en participar, aitar, apoiar e traballar no Comité de París, firmando e suscribindo as decisións que ahí se adouten en contra do réximen, sempre que consideren os problemas das nacionalidades parellamente con vascos e cataláns. A iniciativa non ten que ser agora nosa, habida conta de que xa tivemos unha negativa. O teu fillo Xavier fáleme de certos tanteos para que no Comité «reconsideren» a posibilidade de que inviten ós galegos a participar. Nese caso terían que invitarte a ti oficialmente como delegado das Irmandades, ti comunicaríasnos a nós a invitación e de aquí iríache a confirmación e o apoio máis absoluto.

De non ser así, no caso de que aparecesen novos documentos, sin a presenza de Galicia, nosoutros publicaríamos aquí declaracións e manifestos, en mitins e demais, desautorizando, en nome dos galegos emigrados, ises testos. Chegaríamos, incluso, a non seguir mantendo as relacións que oxe mantemos, coas demais institucións democráticas e republicanas peninsulares, incluso con vascos e cataláns. Estamos cansados de ser humildes e silenciosos. A prudencia republicana e democrática, tamén ten seus límites. Dende agora quedas autorizado a facer o uso público ou privado que coides comenente, do párrafo que antecede, nos medios do Comité de París, e nos demais medios políticos e culturais da emigración en Francia...

Ata aquí, todas as cartas de Suárez Picallo estaban en galego, pero o 18 de agosto de 1960 envía unha bastante longa a César Alvajar en castelán, lingua que utilizará no sucesivo. Maníffestalle a alegría e «conmoción» que causou en Bos Aires o nomeamento de Jesús Canabal como «*Ministro Plenipotenciario del Gobierno de la República para toda la América del Sur*» e, acto seguido, a decepción porque Canabal non aceptou o cargo, cousa que causou «*grandísima consternación*». Pero aínda intentarán convencelo en Montevideo Antonio Alonso Ríos, secretario do «*Consello de Galiza*», e Antonio Alonso Pérez, «*coordinador de las nuevas actividades de la entidad*».

Fálalle da reorganización do «Consello de Galiza», que ten que ser máis amplo e máis democrático. Este acontecemento tivo como detonante «*un incidente personal entre*

Alonso Ríos y Abraira», producíndose un rachamento entre o vello grupo, a maneira de «*coto cerrado*» e das novas xeracións. Intentouse solucionar o problema a base de diversas comisións (Relacións, Facenda, Cultura, Consultiva, Fiscal). A partir de agora será coordinador de todas esas comisións Antonio Alonso Pérez, tesoureiro da anterior comisión de Facenda.

Ahora bien, querido Alvar, y esto te lo digo en forma estrictamente confidencial: Temo mucho que la renuncia de don Jesús [Canabal] tenga algo que ver con estas incidencias, ya que él, muy amigo de sus amigos, gran señor, gran republicano y gran gallego, está muy vinculado al núcleo anterior que no quiere cooperar en esta nueva fase del Consejo de Galicia. De todos modos hemos de revolver Roma con Santiago para que Canabal si es que insiste en no aceptar el cargo [de ministro], coopere con nosotros, para ver el modo de resolver el problema sin malograr tus magníficos esfuerzos para que Galicia tenga su debido lugar en el nuevo Gobierno de la República Española en el Exilio.

Congratúlase do nomeamento do xeneral Emilio Herera Linares como novo presidente do goberno en substitución de Martínez Barrio.

En cuanto a Vázquez Gayoso, la cosa es de punto y aparte. Vázquez Gayoso, a quien conozco mucho personalmente, de antes, de durante y de después de la guerra, es un gran republicano, un buen gallego y un hombre honorable a carta cabal. Pero (y esto siempre en forma confidencial) temo que esté demasiado comprometido en Cuba: con la revolución cubana, con la que estamos comprometidos todos con fervor, con devoción y con esfuerzo; no lo estamos tanto, en cambio, con su Jefe Fidel Castro ni con sus delirios paranoicos, afanados en buscarle enemigos a la revolución cubana y el grupo que rodea a Fidel y «que va a lo suyo»; no a lo de Cuba ni a lo de su revolución, sino que a cosas que le son remotas y extrañas. ¿Me entiendes? De todos modos, Vázquez Gayoso desempeñará un buen papel en su cargo, hechas las anteriores salvedades.

O 8 de agosto de 1960 César escribe a Suárez Picallo explicándolle unha carta que recibiu de Canabal, que definitivamente non acepta ser ministro «*por razones personales*». César daquela pide ó «Consello de Galiza» que mande unha carta ó goberno disculpándoo e suxerindo outro nome, «*el Sr. Tobío Fernández u otro de Buenos Aires...*» E anuncia que se vai a Besançon, onde esperará as correspondentes indicacións, xa que Xabier, o fillo, tamén se marchou de viaxe coa muller «*para pasar unas cortas vacaciones y ver a las entidades bretonas y pulsar su disposición a los consabidos lazos de solidaridad celta*».

O 15 de novembro de 1960 escribe Suárez Picallo a César. O asunto Canabal aínda continúa, posto que estivo en Bos Aires e finalmente acepta o cargo, pero resulta que non está claro se é de ministro ou simplemente «representante de la República Española en Uruguay», onde ademais xa hai un delegado, o galego doctor Cancela. Pide pois a Alvar que intente aclarar ben isto.

O 6 de decembro de 1960 Suárez Picallo escribe a César insitindo na inconcreción do cargo de Canabal e comentando aspectos do novo goberno republicano no exilio.

O 19 de xaneiro de 1961 Suárez Picallo escribe a César en resposta a unha carta súa do 29-XII-1960 na que lle falaba das conversas con Fernando Valera e o Xeneral Herrera, Presidente do Goberno Republicano no Exilio en relación a Jesús Canabal:

El Consejo de Galicia y sus comisiones asesoras nos sentimos felices de tu labor y de tu éxito. Como tú, creemos que no existirá dificultad alguna para que don Jesús desempeñe, con la jerarquía que le es habitual, el cargo para el que fue designado. Esto es, Ministro Plenipotenciario para toda América del Sur; Coordinador del esfuerzo gallego en favor de la República Española y de la autodeterminación de Galicia.

Conozco desde siempre a Fernando Valera, con el que actué en España, al que encontré en México, y de quien, dedicado de su puño y letra guardo uno de los mejores libros representativos de su pensamiento filosófico. Valera es, desde siempre, un gran amigo de Galicia y los gallegos. Por eso pienso que en esta ocasión está a nuestro lado tal como tú me lo indicas.

Por su parte Alonso Ríos, secretario del Consejo de Galicia, ha recibido un interesantísimo texto oficial del Gobierno de la República, titulado: DOCUMENTOS PARLAMENTARIOS, en el cual aparecen los siguientes textos: a) Constitución de la República Española. b) Estatuto de Cataluña. c) Estatuto Vasco, y d) Estatuto de Galicia, con los antecedentes de su anteproyecto, de su proyecto y de su plebiscito.

Este documento, del que sólo tenemos un ejemplar, ha causado aquí enorme impresión, ya que es la primera vez que en el orden jurídico constitucional e institucional de la República, aparece acoplado y asociado el Estatuto de Galicia con sus respectivos antecedentes.

Supongo y suponemos todos, que ésto es obra tuya y de tu hijo Javier; por ello te felicitamos efusivamente. Y te pedimos que envíes a mi nombre y a mi dirección 50 ó 100 ejemplares para distribuirlos aquí en los medios de nuestra colectividad, especialmente para distribuirlos entre la gente joven, recién llegada de Galicia, que no conoce una sólo palabra de estos maravillosos documentos.

O 26 de xullo de 1961, longa carta de César a Suárez Picallo:

... parece que les pesa no haber admitido a las fuerzas gallegas en el pacto, oportunamente (y por los motivos que sabes), y que ahora las acogerían con agrado. Lo único que no les cabe en la cabeza, pese a habérselo repetido hasta la machaconería, es que la Irmandade Galega sea un organismo específicamente político y siguen con la monserga de que su admisión rompería la homogeneidad del famoso comité del pacto, sólo integrado por partidos y sindicatos. La prevención de los socialistas parece haber desaparecido, pero la dichosa homogeneidad sigue siendo para ellos una piedra de tropiezo. No hay que apurarse mucho, y vosotros decidireis si ha de insistirse o no en el ingreso o si lo importante es que fuera o dentro del comité se tengan en cuenta y se respeten las legítimas aspiraciones de los gallegos... El traslado del gobierno republicano a las afueras de París -que digo a las afueras, a un pueblecillo cercano- [Boulogne-Billancourt de 80.000 hbs.] dificulta la relación, pues para ir allá hay que hacerlo en coche si no se quiere perder media o una jornada entera en combinaciones de Metro, etc.

E siguen César e o seu fillo Javier intentando levar Galicia ó «Movimiento Europeo»:

A la última reunión del Consejo Federal Español de dicho movimiento, presidida por Rodolfo Llopis, asistieron Gorkin, Perera, Pascual Tomás, Irujo, Landáburu, Maldonado, Sans y otro catalán cuyo nombre no recuerdo, un sudamericano de paso por aquí y Gironella, como secretario. Por primera vez el representante gallego (mi hijo Javier, por tener yo ese día un trabajo ineludible en la imprenta). Gorkin informó del resultado satisfactorio de las visitas que hizo el Sr. Madariaga a diversas personalidades norteamericanas en Washington, y Pascual Tomás lo hizo acerca de los contactos que él y un Sr. Agesta, de los sindicatos vascos, tuvieron con los dirigentes de los sindicatos norteamericanos y personalidades políticas de los Estados Unidos. La impresión es que este país enfriará gradualmente sus

relaciones con la España actual y apoyará a la oposición contra Franco, siempre que ésta se muestre coherente y unida.

E fala logo dunha «*Conferencia que se proyecta celebrar en Estrasburgo en noviembre próximo, a la que invitarán personas del interior y del exterior... Se me ocurre que si se decidiera a asistir nuestro ministro Sr. Canabal sería un gran golpe y haría un efecto considerable. Yo no puedo asistir..., pero gestionaría del gobierno que le permitiese a mi hijo acompañarle y asistirle, y antes de partir le prepararíamos aquí en París lo que fuere menester para que hiciese un airoso papel.*».

Por ese tempo, César Alvajar multiplícase:

El Congreso por la libertad de la Cultura, en cuyo servicio de publicidad venía ocupándome, me ha contratado para un trabajo fijo en la casa, desde que la revista se hizo mensual. Me da un buen sueldo, por media jornada de labor, salvo una semana en que tengo que ir mañana y tade, y me paga aparte algunas traducciones y notas bibliográficas, etc., de manera que vengo a cobrar mensualmente alrededor de ciento cuarenta mil francos (ligeros, claro). Lo suficiente para vivir con decoro. Además es compatible con la Agencia de Prensa, que sigue a cargo del hijo del Sr. Sánchez Guerra, quien facilita mi tarea viniendo él a mi casa para trazar el programa de cada semana, pues también vive fuera de París y no tendría tiempo para ir a verle, mientras que él viene diariamente a París en su coche. En cambio he tenido que reducir al mínimo mi trabajo en la Editorial Larousse, para la que no hago sino pequeñas monografías de cuando en cuando, a fin de tener un pie en la casa y de que me sigan considerando como colaborador. Pero no se puede abarcar tanto. Así es que tengo que confesar que estoy actualmente muy sujeto por mi principal ocupación (la del Congreso), que constituye la base de mi vida en las condiciones especiales que vivimos los refugiados políticos. Me veo y me deseo para poder atender a todo y he renunciado sistemáticamente a una serie de cargos políticos que me ofrecían. Y si en estos momentos hubiese aquí persona adecuada para llevar la representación gallega, créeme que os aconsejaría reemplazarme...

O 23 de agosto de 1961 César escribe a Suárez Picallo:

Esto comienza a agitarse un poco. Por si sale algo de ahí, es menester estar prevenido y alerta. Ayer tuve una extensa conferencia con Maldonado y otros elementos que andan en danza. Resumiré. Estos días atrás se celebró en París una reunión que pudiera tener importancia entre los elementos representativos de los partidos y sindicatos y una representación de elementos del «interior» comprensiva de todos los sectores desafectos a Franco, incluso el partido democrático cristiano de que es cabeza el ex diputado Jiménez Fernández. Se concretaron posiciones y se tomaron acuerdos: A) Sobre las actividades que conviene desarrollar «allá» para combatir a Franco, en conjunción con las que aquí, en el exilio, se emprendan o continúen. B) Acerca de diversos puntos concretos, entre ellos la redacción de un Estatuto jurídico del hipotético Gobierno provisional, y C) Con relación a la creación de un comité o junta formada principalmente por letrados para proceder a una revisión de la obra del franquismo. Parece ser que quedaron esbozadas -nada más que esbozadas- las líneas generales de lo que pudiéramos llamar un programa de urgencia... Se habló -¿como no?- de las legítimas aspiraciones de los gallegos, expuestas por Maldonado con arreglo a lo convenido, y encontraron la simpatía y buena acogida de todos. Incluso las suspicacias de los socialistas han desaparecido, por lo visto. Los del interior no fueron los menos explícitos en este punto y hablaron del movimiento gallego de allá, que (entre

paréntesis) debiera estar en contacto por lo menos conmigo y con los escasos gallegos antifranquistas de Francia. Parece que la cabeza visible (aunque disimulada) es Ramón Piñeiro, o al menos eso es lo que creen o suponen los que han venido de España. Yo no lo sé, y debiera estar en autos. No hace aún dos semanas me envió Piñeiro, a quien no conozco personalmente, pero a quien he escrito en más de una ocasión, una visita de los hermanos Cesáreo Saco y Camilo Saco López, de Monforte, con quienes hablé de todo, y de política como es natural. Pero como la tarjeta que de Piñeiro traían no aludía a estas cosas y no me constaba la calidad republicana de los visitantes, me guardé de hacer revelaciones. Después supe que eran gentes de toda garantía, y de haberlo sabido antes hubiera sido más explícito en mis declaraciones y hubiera confiado a ambos hermanos un mensaje verbal para los de allá. Hay que establecer una relación directa entre los gallegos, para no andar a tientas en algunas gestiones.

No te oculto que el Pacto ha suscitado aquí oposiciones entre los que se pretenden «puros». No es realista esta actitud. Yo soy intransigente como republicano, pero en este caso hay que aceptar el pacto, sin ceder un ápice en nuestras convicciones y a reserva de lo que un día se decida por la voluntad popular. Y hay que aceptarlo por esta razón que sólo me es permitido concretar en dos líneas, y a la que tú, hombre experto sabrás dar todo su valor: Hay que acatar el pacto, sencillamente porque es la premisa formal y necesaria requerida para una modificación gradual de la política norteamericana (tan torpe hasta ahora) en favor de una solución democrática para España. Y me aseguran que el requerimiento ha sido hecho con autoridad y garantías. Se adquiere al precio del pacto la paulatina transformación de las complacencias con el régimen franquista en desafecto al mismo régimen. Esta parece ser la fórmula.

O 20 de outubro de 1961, carta de César a Suárez Picallo na que lle comenta positivamente a redacción da acta de constitución do «*Movimiento Europeo*». E fala pormenorizadamente da homenaxe que se lle fixo a Madariaga polo seu 75 cumpreanos:

El Congreso por la libertad de la cultura le ofreció un cocktail en el Hotel Lutetia y unos días después, el Movimiento Europeo un banquete en el Hotel d'Orsay, al que asistieron damas y caballeros, unas 120 personas, franceses la tercera parte. Hice ver a los organizadores -que se habían trazado ya su programa- que la voz de Galicia no podía dejar de sonar en el homenaje a un gallego, y reclamé un turno, que se me concedió -de todos modos me lo hubiera tomado-, y hablé después de Don Rodolfo Llopis y de un señor francés que nos dio una lata formidable y antes del homenajeado, que estuvo bien, pero apagado. Tuve la fortuna de despertar a la gente, que se había quedado dormida con el francés, y creo haber dado una nota vibrante si he de juzgar por las manifestaciones de los comensales y por el juicio de los gallegos que me acompañaban -el presidente de la Casa de Galicia, Sr. Carreira, mi hijo y algunos otros-. Hablé de la influencia que ha tenido en el liberalismo de Madariaga su nacimiento y primeros años en la Coruña, ciudad eminentemente liberal y republicana, no obstante haber salido muy joven de allí y tracé un cuadro de la ciudad y de la Galicia liberal, con la afirmación de que este liberalismo sigue alentando a nuestros compatriotas, oprimidos en su tierra, pero libres y con voz en las tierras hospitalarias y acogedoras de América, donde constituyen una fuerza positiva, presente en el homenaje a Madariaga, modestamente por ser yo quien la representaba...

Fala da viaxe de Fernando Valera a América, da súa entrevista con Canabal a quen o cargo ministerial lle pesaba un pouco por crer que lle pode dificultar a súa xestión como director do Banco de Galicia de Montevideo. Cre César que Canabal pode ser un bo

elemento en tempos normais, pero se veñen períodos de axitación non sería o home indicado e, polo tanto, habería que pensar noutra persoa para ese cargo:

Lo malo es, que, en opinión de Valera, este hombre no debe estar radicado en Buenos Aires, para no rozar la susceptibilidad de Don Claudio Sánchez Albornoz, que por lo visto es muy delicada, sino en otra ciudad de América.

Isto faimo recordar conversas con Javier Alvarar nas que falaba de Albornoz con rabia, posto que o único que lle interesaba eran as súas investigacións históricas e pouco ou nada os asuntos que tiñan que ver co goberno republicano no exilio. En certa ocasión, visitouno en Bos Aires, supostamente para despachar asuntos de goberno e Don Claudio, en todo o tempo, soamente lle falou das súas últimas investigacións históricas.

Na carta Valera tamén aparece falando con Vázquez Gayoso, do que recibe moi boa impresión. Por ese tempo, Gayoso xa recibira un «trato injusto y desengaños por parte de Fidel Castro».

O 1 de xaneiro de 1962 morre en París Diego Martínez Barrio, «Presidente da República Española no desterro», «bon amigo de Galiza», e isto desencadea a conseguinte crise. César informa oportunamente ó «Consello de Galiza» e este, logo dunha xuntanza xeral, resposta en marzo. Asinan: «Ramón Suárez Picallo, Conselleiro de Relacións, Antón Alonso Ríos, Segretario do Consello de Galiza, Manuel Martínez Lamela, Presidente da Comisión de Relacións e Antón Alonso Pérez, Segretario Coordinador»:

... a solución mais ou menos provisional dada a ista crises, tendente a manter a legalidade republicana, que nós recoñecemos i apoiamos como tal legalidade: a asunción do Dr. Luís Jiménez de Asúa, da función presidencial vacante, i-a designación de don Claudio Sánchez Albornoz como xefe do Goberno. A prensa de Bós Aires, confirmando as súas noticias, deu ampla información cablegráfica encol do problema: con unha variante nova: que o novo Goberno deixaría de ser combatente político republicán, pra se trocar nun orgaismo simbólico, integrado por personalidades españolas de prestixio universal (mentáronse nomes: Pablo Casals, Picasso e don Salvador de Madariaga, entre outros), o que está moi en concordancia coa sinificación, puramente intelectual e científica, de Jiménez de Asúa e de Sánchez Albornoz, ningún doa cuales é combatente político nin amigo de Galiza e do seu problema esencial: a autodeterminación política do noso pobo.

Non embargantes, o Consello de Galiza manterá o seu recoñecemento i-o seu apoio, a calquera Goberno republicán español no desterro, coa única condición de que respete a posición dos gobernos anteriores -Gordón Ordás, Emilio Herrera- referente ó «status» dos pobos de Euzkadi e Cataluña, e o «semi-status» autonómico de Galiza...

«Bós Aires, Maio de 1962». Con esta data asina Antón Alonso Ríos, Elpidio Villaverde Rey e Ramón Suárez Picallo un «Apéndice ampliatorio da aita fundacional do Consello de Galiza» na que acorda ampliar a súa composición con novos «Conselleiros» en breve prazo, debido a que finaran varios dos seus membros, deputados galegos. Agora só quedaban os tres citados, todos eles de bastante idade. Así pois, ata o momento en que Galicia recupérase o dereito a elixir libremente os seus representantes, momento en que o «Consello de Galiza» deixaría de existir, cumpría manter o facho aceso e para iso «debe ser ampliado con persoas que, pol-o seu probado patriotismo, pol-o seu senso nacional galego, pol-as súas labouras patrióticas, e, por un certo grado de representatividade nas institucións das nosas coleditidades, resulten unha garantía pras ideas, os principios, os fins, e os propósitos que inspiraron a súa fundación».

O 24 de maio de 1962 Suárez Picallo como «Conselleiro de Relacións do Consello de Galiza» dille a César que as folgas en España son un «acontecimiento sensacional; el principio del fin de un sistema autoritario y despótico, que cuando empieza a ceder en algo tendrá después que cederlo todo».

El momento no podía ser más oportuno. Cuando España trata de intervenir en el Mercado Común Europeo, ofreciendo productos baratos a cambio de pagar los sueldos y jornales más miserables, junto con Portugal y Turquía, de todo el mundo libre. En momentos en que las potencias democráticas, libres y occidentales, se están dando cuenta de que la protección a ciertas dictaduras, especialmente la española, de origen nazi-fascista, es el mejor camino para fomentar al comunismo que se entendió, y se entiende todavía ahora, con esas mismas dictaduras. El hecho de que apoyen la huelga partidos democráticos, organizaciones sindicales, e incluso sectores de la Iglesia católica, que se prepara [para] abandonar el barco cuando el barco hace agua, nos augura acontecimientos próximos de gran trascendencia política y democrática para los pueblos de la península ibérica. Agregándole a todo esto, el valioso apoyo moral de esclarecidos intelectuales españoles con Menéndez Pidal a la cabeza, y el apoyo de sectores universitarios y estudiantiles que le han perdido el miedo al miedo. En todo esto, está presente Galicia. Aquí, en Buenos Aires, la primera declaración pública de apoyo a las huelgas la emitió el Consejo de Galicia. Le siguieron después las representaciones del gobierno catalán y del gobierno vasco en exilio; el presidente del Gobierno Republicano, doctor Sánchez Albornoz, y la Alianza Sindical Española (UGT y CNT de España, sección Buenos Aires) una vez que se ha establecido que en este movimiento no pudieron entrar ni salir totalitarios de ambos sectores y signos.

Junto con tu carta hemos recibido y leído en sección plenaria del Consejo, tu magnífica nota de salutación y felicitación al presidente de Francia, general Charles de Gaulle, con motivo de los acuerdos de Evian y del cese del fuego en Argelia. Tu carta al general presidente es una obra de arte diplomático, arrojando siempre la brasa a la sardina gallega. También, la respuesta oficial de la presidencia de la República Francesa a tu mensaje. Ambos documentos fueron leídos y releídos, naturalmente elogiados, con verdadero fervor. Puedes estar seguro de que aquí se cree que Galicia no podía tener un representante más eficiente que lo eres tú.

El Consejo de Galicia... acordó... enviarle a tu hijo Xavier la credencial de delegado suplente tuyo en actos y reuniones a los que tú no puedas concurrir. Pues creemos en aquel viejo dicho...: de tal palo tal astilla.

Anuncia a viaxe por Galicia, Italia, Francia e Alemania Occidental de «don Daniel Calzado, distinguido miembro del Consejo de Galicia y presidente de la Irmandade Galega de Buenos Aires. Don Daniel fue alcalde republicano y galleguista de su Ayuntamiento de Tomiño, en la provincia de Pontevedra, amigo de Castelao...»

O 22 de agosto de 1962 escribe Suárez Picallo, como «Asesor Cultural do Centro Lucense de Buenos Aires» a última carta de que teñamos constancia a César Alvajar. Nela, entre outras cousas, fala de que o «premio Castelao», instituído polo «Consejo de Galicia» fora outorgado ó «Centro Gallego de Buenos Aires» por primeira vez, e este ano ó Banco Galicia de Montevideo, que dirixe Jesús Canabal. «Para la entrega de este galardón (un pergameo artístico e unha medalla de ouro) concurrimos a Montevideo una comisión nutridísima, y la entrega se efectuó en el gran teatro Solís, en un intervalo de un extraordinario concierto de música gallega. Me tocó a mí hacer la ofrenda verbal y a don Jesús Canabal recibirla. Fue un acto de fervorosa emoción gallega...».

O 24-IX-1963 Antón Alonso Pérez, «Segretario de Coordinación do Consello de Galiza», informa a César Alvajar de que Suárez Picallo foi operado da vista no sanatorio do Centro

Galego de Bós Aires: «Está ben, mais se require tempo para compretar a cura. Espritoalmente, il está como sempre: ergeito [sic.]». Pero os seus problemas de saúde eran máis serios.

César Alvarjar escribe a Suárez Picallo a que sería a súa última carta o 9 de setembro de 1964. É unha carta sincera, confidencial, con verdades íntimas, case clandestina, para o amigo de verdade en horas crepusculares para os dous:

Hace un siglo que no sé de ti directamente, pero las referencias de esos amigos del Consejo de Galicia me dicen que estás famoso, animoso y optimista, y los periódicos que se hacen eco de tus actividades lo corroboran.

Con esta fecha envío carta, cuya copia te adjunto, a don Manuel Martínez Lamela, como Secretario de Coordinación del Consejo. Es reflejo de lo que, con el pensamiento en Galicia, pienso que hay que hacer en esta hora. Interpretenlo como quieran. Tú, que me conoces, darás su recta exégesis a esta actitud. Soy degaullista convencido, después de haber sido algunos años atrás antidegaullista insensato, por crédulo a las patrañas propaladas sobre los futuros propósitos del egregio general. Hoy tengo muchísimos motivos para estar a su lado -espiritualmente sólo, como no francés-; pero me basta y me sobra uno. Este: saber quienes son sus enemigos más encarnizados... ¡Los nuestros!»

Creo que no debes decir que te envié copia de esa carta porque ello podría ofender o rozar algunas susceptibilidades. Te la envío por dos razones: la primera porque conozco tu gran sentido político, afirmado en la realidad; y la otra porque sé que en ti no caben contra mí sospechas de oportunismo acomodaticio, o así. Di, sencillamente, que te escribí sobre el caso, y, si ello no va a redopelo de tu sentir, apóyame, para que los gallegos se adhieran específicamente al homehaje de América Latina a de Gaulte.

Yo trataré después de sacar de ello beneficiosas consecuencias para Galicia.

Querido Picallo: me pesan los 73 años que voy a cumplir, si Dios quiere, en enero próximo. Estoy muy fatigado; pero aún me cabe la esperanza de que el Señor (en quien creo, a pesar de las sonrisas de los «espíritus fuertes», que no se dan cuenta de que se les llama así por ironía -como dice La Bruyère) me deje ver todavía cambios y mudanzas que me permitan exclamar, como el protagonista del drama de Tamayo: «El Cielo me debía, tras tanto dolor, tanta alegría». Consérvate firme para acompañarme en ese bien ganado júbilo. Un fuerte abrazo.

Pouco despois, o 14 de outubro dese mesmo ano, Ramón Suárez Picallo falece no sanatorio do Centro Galego de Buenos Aires. César Alvarjar finará en París ó ano seguinte: o 6 de xuño de 1965. A correspondencia entre eles dous e Javier, de Bos Aires a París, de París a Bos Aires, en galego e en castelán, unidos polo amor a Galicia e traballando eles e outros máis polo seu futuro, marca un fito da nosa historia contemporánea. Porque, a pesar de todo, eles mantiveron en pé o nome e a idea de Galicia, na longa espera de tempos mellores. Logo, Javier acepta o cargo de delegado, continuando a laboura de seu pai durante case unha década máis. É significativo o que di no *Anuario Brigantino 1990*, p. 141:

Sabía... que mi trabajo al frente de la Delegación no iba a ser tan fácil como cuando vivía Suárez Picallo, pues éste era, a mi parecer, el único que tenía una visión política acertada en lo que se refería a la importancia que para la causa de Galicia tenía lo que nosotros hiciéramos en Europa.

A laboura era difícil: o «Consello de Galiza» seguía sen ser considerado representante oficial dos galegos nin polo Goberno da República no Exilio nin polo PSOE. Pero si polo presidente da Generalitat de Cataluña, polo Goberno Vasco e por outros partidos republicanos. Laméntase Javier (*Anuario Brigantino 1990*, p. 141):

... mientras republicanos vascos y socialistas se dedicaban única y exclusivamente, pagados por sus partidos para ello, a hacer política, tanto yo, como mi padre, teníamos que trabajar para poder comer. Llegamos incluso a adelantar el dinero que nos costaban los desplazamientos y gastos de estancia cuando asistimos a los Congresos del Movimiento Europeo.

A actividade de Javier nesos anos está ben explicada por el no *AB 1990*. Ó final, mentres loitaba por manter a presenza de Galicia no «*Movimiento Europeo*» (9-13-V-1973 en Londres) e no «*Consejo Federal Español*» (París, 9-X-1973), as súas cartas e informes xa non eran respostadas, ou respostábanse de tarde en tarde, por parte do «*Consello de Galiza*», que esmorecía entre a «*inoperancia*» e a falta de xenerosidade económica. Valentín Fernández, interlocutor final de Javier no «*Consello de Galiza*» comunícalle (o 5-VIII-1974) a súa dimisión, cousa que non fará o Consello. A pesar de todo, Javier sigue a manter a posición de Galicia no «*Consejo Federal Español*» e na «*Unión de Fuerzas Democráticas*», que tanto lles custara conseguir, diante do fin do franquismo, e seguía a informar ó dimitido Valentín Fernández. Sen comunicación algunha co Consello, asiste ó Congreso do «*Movimiento Europeo*» de Bruxelas e a varias reunións do seu Comité Executivo, ademais de ó Congreso do PSOE en Suresnes (do 11 ó 13 de outubro de 1974). Recorda que nunha conferencia posterior de Felipe González en París, éste respostou así a unha pregunta: «*No tenga preocupación el compañero, el Partido Socialista fue, es y seguirá siendo republicano al ciento diez por ciento*». Evidentemente, as cousas logo non serían así.

Por último, xa en Galicia, asistiu en Santiago a unha reunión cun «*grupo de buenos galleguistas*» ós que informou de todo o que fixera a Delegación de París, ó tempo que renuncia. Continuará este grupo, autodenominado «*Fuerzas Democráticas Gallegas*», que comunica o 27-II-1976 a Luis Yáñez, secretario do «*Consejo Federal Español*» o nomeamento de «*delegados*» nas persoas de Domingo Antonio Quiroga Ríos, da Coruña, e Alfonso Zulueta de Haz, notario de Marín, para representarnos no «*Movimiento Europeo*». O «*Consello de Galiza*» e as súas delegacións no mundo desaparecían na néboa (pouco despois, o Presidente da República no Exilio, José Maldonado e o Presidente do Goberno, Fernando Valera, deron por rematada a lexitimidade republicana o 21-VI-1977). Javier estaba moi decepcionado: «*¡Allá los que se dicen galleguistas con sus conciencias!*».

AGRADECEMENTO E NOTA

Agradezo a Francisco Pita, un dos bós e xenerosos de Sada, o empurrón que me deu para que escribira este traballo. Ademais, envioume esta nota, relativa ás cartas dos Alvajar existentes na Real Academia Galega que lle transmitiu a directora do seu arquivo, Mercedes Couto. Sirva para coñecemento e para futuras investigacións:

...estiven hai uns días na RAG consultando o arquivo de Ramón Suárez Picallo e Alvajar e hai unhas 40 cartas de Alvajar a Domingo Quiroga entre 1948 e 1964 (en 1954 comunícalle que se casa con Marta que morrerá en 1960).

Entre Alvajar e Picallo hai a seguinte correspondencia: de Alvajar a Picallo (once): carta do 12/2/59 (a máquina); 10/5/60 (manuscrita); 27/7/60 (manuscrita e a máquina); 30/7/60 (manuscrita); 8/8/60 (máquina); 5/10/60 (máquina); 19/4/61 (máquina); 12/05/61 (manuscrita); 3/7/61 (manuscrita e dirixida a Picallo, Ríos e Villaverde); 26/7/61 (na que pregunta sobre un artigo que escribiu sobre él A. Cuadrado); 9/9/64 (máquina).

Cartas de Picallo a Alvajar (dúas): 19/5/61 (máquina); 18/8/61 (máquina).

Cartas de Alvajar a Taracido (media ducia e varias tarxetas postais datadas entre 1953 e 1964).